

ESTRATEGIA GALEGA DE MOBILIDADE

MEMORIA

Xaneiro 2024



Contido

1 • INTRODUCCIÓN

2 • A MOBILIDADE ACTUAL EN GALICIA

2.1	Punto de partida	12
2.1.1	Zonificación adoptada	13
2.1.2	Macrozonas	14
2.2	Condicións físicas e ambientais	16
2.2.1	Orografía	16
2.2.2	Hidrografía	16
2.2.3	Climatoloxía	17
2.3	Condicións socioeconómicas	18
2.3.1	Sistema de asentamentos poboacionais e dinámica demográfica	18
2.3.2	Distribución de poboación por idade e xénero	22
2.4	Actividade económica	26
2.5	Equipamentos: escolar, sanitario e industrial	28
2.5.1	Equipamento escolar	28
2.5.2	Equipamento sanitario	30
2.5.3	Equipamento industrial	33
2.6	Parque automobilístico	36
2.7	Seguridade viaria	38
2.7.1	Número de mortos en accidentes de tráfico	39
2.7.2	Relación co parque móbil	41
2.7.3	Análise por provincias	42
2.7.4	Análise segundo titularidade	44
2.7.5	Análise segundo tipo de vía	46
2.7.6	Análise en función do volume de tráfico	47
2.8	Sistema de transporte actual en Galicia	48
2.8.1	Oferta de infraestruturas de transporte en Galicia	48
2.8.2	Oferta de servizos de transporte en Galicia	63
2.8.3	Demanda de servizos de transporte en Galicia	83

2.9	A mobilidade actual en Galicia	109
2.9.1	Datos de mobilidade existentes sobre Galicia	109
2.9.2	Análise de mobilidade global en Galicia	130
2.9.3	Conclusións sobre a mobilidade actual en Galicia	174
2.10	O sector transportes en Galicia como actividade económica	178
2.11	Emisións de gases efecto invernadoiro	186
2.12	Fontes de propulsión alternativas	193

3 • DIAGNÓSTICO

3.1	Debilidades	200
3.2	Ameazas	204
3.3	Fortalezas	210
3.4	Oportunidades	214

4 • A ESTRATEXIA GALEGA DE MOBILIDADE

4.1	A meta	222
4.2	O novo modelo de mobilidade	223
4.3	Obxectivos da Estratexia Galega de Mobilidade	227
4.4	Desenvolvemento da EGM	229
4.5	Eixos e obxectivos estratéxicos	230
4.6	Obxectivos operativos	232
4.7	Programas, subprogramas e actuacións	233
4.8	Revisión da Estratexia Galega de Mobilidade	242



1

INTRODUCCIÓN

A mobilidade, no seu aspecto máis xeral, é o desprazamento de persoas e mercadorías para satisfacer certas necesidades. Facelo de forma segura e sustentable é unha demanda que xorde polos constantes cambios na sociedade e a evolución da tecnoloxía ao servizo do transporte, e tamén é unha prioridade da Xunta de Galicia para os próximos anos.

A mobilidade, no seu aspecto máis xeral, é o desprazamento de persoas e mercadorías para satisfacer certas necesidades. Calquera movemento xera un efecto na natureza. Para trasladarnos dun lugar a outro utilizamos recursos enerxéticos, habitualmente non renovables, que causan efectos irreversibles no ecosistema. Desprazarnos de forma segura e sostible é unha prioridade da Xunta de Galicia para os próximos anos.

Os constantes cambios no contexto socioeconómico e a evolución da tecnoloxía ao servizo do transporte aceleraron a transformación do novo mapa de mobilidade en todas as súas formas.

Durante a pandemia do COVID-19 reduciuse a actividade en todos os sectores ocasionando unha repentina crise e un freo á mobilidade. Isto motivou unha situación de nova normalidade. Estamos ante unha reordenación dos servizos e as infraestruturas para dar resposta ás necesidades de desprazamento e achegar solucións que permitan controlar o impacto que o sector do transporte xera no medio ambiente.

Pero non só a pandemia supuxo un freo na mobilidade, neste último ano o incremento nos prezos de combustibles e o conflito armado en Ucraína xeraron unha serie de consecuencias que afectan ás relacións humanas e industriais da sociedade tal e como se coñecían ata o momento, o que impulsa unha transformación global multisectorial.

Os retos non son novos, pero si a dimensión que adquiren cando se convierten nunha necesidade global de transformación, para iso, necesítase deseñar unha estratexia á medida de cada rexión, unha guía integrada de acción desde un ámbito europeo, nacional e local.

Neste contexto xorde a Estratexia Galega de Mobilidade, EGM, nun escenario marcado polos cambios e dentro dun contexto determinado por retos económicos e sociais. Galicia dá un paso á fronte e convértese nunha das primeiras comunidades autónomas en presentar a súa propia estratexia de mobilidade sostible pensando nas persoas e o futuro das conexións.

A Estratexia Galega de Mobilidade é unha ferramenta que senta as bases para redeseñar o novo mapa da mobilidade, que permite coñecer como nos movemos actualmente e como podemos facelo de forma máis eficiente para garantir o acceso á saúde, educación e traballo a toda a poboación nun marco sostible, impulsando novos hábitos de mobilidade.

A mobilidade sostible non se consegue só coa electricación dos vehículos ou as cidades ZERO emisións, consiste en integrar os compromisos medioambientais, mellorar as condicións económicas e ofrecer solucións ás necesidades da sociedade para garantir

un dos dereitos básicos dos cidadáns: a mobilidade, motor de inclusión e factor determinante do acceso a educación e saúde.

A pandemia tamén produciu cambios nos patróns de conduta individuais e sociais que impulsan un cambio de paradigma nos hábitos de consumo tradicionais.

A tecnoloxía marcou a pauta desta transformación con novas funcionalidades especialmente ao servizo do transporte público, o cal foi un dos sectores máis afectados pola pandemia. A consulta de información, a planificación de desprazamentos e o uso das ferramentas dixitais de pago iniciaron a revolución da mobilidade dixital con novas plataformas de xestión ao servizo da mobilidade coñecidas como *MaaS*, de *Movilidad as a service*.

Segundo datos do II Observatorio da Mobilidade Sostible en España, desde que comezou a pandemia a tendencia en mobilidade nas grandes cidades foi o aumento do uso do vehículo privado, camiñar e andar en bicicleta fronte á diminución ampla do uso do transporte público, que chegou a reducirse entre un 70%-90% durante o confinamento.

Adoptar novos hábitos de mobilidade contribúe de forma directa a diminuír a contaminación atmosférica e mellorar a calidade do aire nas cidades. O transporte xera máis do 30% das emisións de CO₂ na Unión Europea, das cales o 72% provén do transporte por estrada. Reducir o uso de vehículos particulares e escoller modos de transporte activos non só contribúe a reducir emisións nocivas, desenvólvese o estado físico das persoas, erradícase o sedentarismo e, en xeral, contribúese á incorporación de hábitos de vida máis saudables.

A EGM é unha aposta vangardista de planificación multisectorial. Por primeira vez, realizouse en Galicia unha investigación transversal de todos os sectores que interveñen en materia de mobilidade para deseñar medidas conxuntas en todos os ámbitos. Tomáronse en conta os plans sectoriais de transporte público, seguridade viaria e infraestruturas do transporte.



Para desenvolver a Estratexia Galega de Mobilidade realizouse o estudo máis extenso de caracterización de mobilidade en todo o territorio de Galicia de todos os realizados ata a data. Analizáronse múltiples fontes de datos para caracterizar da forma máis precisa posible a mobilidade actual en Galicia. No estudo procesáronse máis de 200 millóns de datos de dispositivos móbiles correspondentes a 600.000 relacións de desprazamentos, estudáronse estatísticas sobre tempos e traxectos de traslados en toda Galicia e incorporáronse á análise os hábitos de uso en diferentes modos de transporte, tanto público como privado, identificando tipos e frecuencias de viaxes.

Esta análise permitiu obter un coñecemento moi detallado dos patróns de mobilidade e, a partir de aí, deseñar unha ferramenta innovadora fronte ao futuro das comunicacións por calquera modo de transporte.

A mobilidade do futuro en Galicia require lograr un modelo integral baseado nunha rede de transporte interurbana onde as conexións sexan planificadas e se complementen os dous modelos de mobilidade: a urbana e a rural.

A Estratexia Galega de Mobilidade presenta medidas concretas enfocadas en 5 eixos estratéxicos: funcionalidade, sustentabilidade, seguridade, innovación e economía. A partir deles defínense 13 obxectivos estratéxicos con accións estruturadas en 12 programas transversais, 30 subprogramas e 99 actuacións no ámbito da mobilidade sostible.

Co desenvolvemento e posta en marcha destas actuacións búscase conseguir o éxito da implantación do novo sistema de mobilidade proposto. As súas prioridades son reducir a necesidade de desprazamentos, reducir distancias, reducir emisións e, de forma transversal, contribuír á redución da sinistralidade.

Diminuír a demanda da mobilidade é unha das premisas principais do modelo de mobilidade que persegue a Estratexia. Xunto coa ordenación territorial que considere a mobilidade e permita asemade acadar uns modelos de cidades ou núcleos policéntricos, propóranse actuacións que garantan a existencia de produtos e servizos básicos de proximidade na contorna. Un exemplo será a dotación de oficinas banca-

rias en todos os municipios de Galicia ou o reforzo do número de centros de Atención Primaria, tal e como como propón o Plan e Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria elaborado pola Xunta de Galicia. Ademais, entre estes servizos de proximidade atópanse tamén en marcha iniciativas como o Programa Biblioteca móbil de Galicia ou Coidados porta a porta.

O compromiso que adquire a Estratexia pola protección do medio ambiente está presente en outras actuacións que contribuirán á consecución dos obxectivos globais marcados. A redución de emisións directas ou indirectas derivadas do transporte coa aposta polo emprego de vehículos limpos e modos sostibles e proba desta aposta. Consonte a isto, propostas como a creación de sendas peonís e/ou ciclistas, como a que se está a deseñar entre Santiago e Milladoiro, as axudas para fomentar a adquisición de bicicletas, así como tamén o impulso de aparcadoiros disuasorios na contorna das cidades, como os que van a estar presentes en Ferrol e Lugo, entre outras, achégannos cada vez máis á sustentabilidade.

De forma transversal a todos os obxectivos que a Estratexia persegue tamén se pretende lograr unha mobilidade que atenda á VISIÓN ZERO en sinistralidade. Isto tradúcese na garantía dun sistema de transporte seguro en todos os seus modos. É un propósito alcanzable a través de propostas como o desenvolvemento de actuacións que aseguren a accesibilidade aos modos de transporte público en máximas condicións de seguridade. Neste eido, propóñense melloras nos accesos e na seguridade das paradas de autobús, especialmente en zonas interurbanas. A maiores, emprenderanse actuacións nos Tramos de Concentración de Accidentes (TCA) que se identifiquen nas estradas galegas a efectos de eliminar puntos de infraestrutura viaria con recorrencia en rexistros de accidentalidade.

A Estratexia Galega de Mobilidade non pode operar soa, require un compromiso da sociedade para optimizar a mobilidade do futuro que require transformar os hábitos de desprazamento persoais, familiares e colectivos adoptando solucións sostibles como a micro mobilidade, o transporte limpo e a pirámide invertida da mobilidade.

Para transformar a mobilidade haberá que ir máis aló, non só mellorar as infraestruturas e optimizar os tempos de viaxe e o confort, senón tamén fomentar solucións alternativas que axuden a potenciar a saúde, a introducir novas tecnoloxías e modos de transporte innovadores que permitan dinamizar o sector económico e conservar o medio ambiente.

Unha mellor planificación da mobilidade será clave para achegar novas solucións a problemas sociais e xeracionais que beneficien ao conxunto da poboación galega.



2

A MOBILIDADE ACTUAL EN GALICIA

A Estratexia Galega de Mobilidade ten que dar resposta ás necesidades de desprazamento da poboación galega e do seu tecido produtivo, polo que para ofrecer unha resposta axeitada é necesario entender o territorio, as súas características e as súas demandas de mobilidade.

A Estratexia Galega de Mobilidade ten como obxectivo planificar a mobilidade das persoas, e para poder facelo con éxito é necesario entender como se moven, como se distribúen e onde se localizan as principais actividades no territorio.

Galicia non ten un territorio propicio para resolver de forma eficiente e sustentable os desprazamentos que se producen. En xeral, para ofrecer solucións máis sostibles que sexan elixibles pola cidadanía, é necesario recorrer a modelos urbanos e territoriais nos que prima a densidade e compacidade urbana, así como a necesidade de achegar propostas para a mestura de modos e usos de transporte.

O novo concepto de mobilidade engloba agora un significado moito máis amplo que sitúa aos usuarios no centro de todo o sistema e, polo tanto, non é suficiente a aplicación de políticas de desenvolvemento de infraestruturas xa que estas deben ir acompañadas dun axeitado marco organizativo e do correspondente marco normativo que permita contar coas ferramentas adecuadas para materializar este novo enfoque da política de mobilidade galega e a súa planificación.

2.1 Punto de partida

Para trazar unha nova mobilidade debemos determinar e entender o ámbito de estudo e coñecer as características do territorio e a súa poboación, así como todos os aspectos determinantes das condicións físicas e ambientais que deben considerarse para emprender unha radiografía da situación actual.

A continuación, identifícanse os datos básicos das variables que inflúen na análise e a proposta de zonificación que expón a Estratexia Galega de Mobilidade para estudar a mobilidade actual como base para a planificación das melloras e novo modelo de mobilidade sostible.

Galicia, a diferenza doutras rexións, caracterízase por presentar un modelo territorial cunha singular fragmentación do seu sistema de asentamentos, con máis de 30.000 entidades de poboación e 2,7 millóns de habitantes; o que supón case a metade da totalidade de asentamentos en España con tan só o 5,8% da poboación nacional.

Doutra banda, é certo que se está a producir unha transición deste modelo de asentamentos rurais a outro eminentemente urbano, o que xerou un incremento da poboación concentrada nas áreas urbanas do eixo atlántico e outras rexións litorais como as Rías Baixas, o Golfo Ártabro e a Mariña lucense, ao contrario das capitais interiores, onde este crecemento resultou menor.

A análise do sistema de transportes, a súa modelización e diagnóstico, debe afrontarse a través do coñecemento das interrelacións co sistema socio territorial ao que serve e que, en boa medida, o predetermina.

Pola súa banda, as relacións de mobilidade e a súa distribución, que se consideraron no estudo, caracterizáronse a partir de millóns de datos de telefonía móbil anonimizados, que á súa vez se cruzaron co outros datos como son os rexistros de ocupación das estradas e a demanda do sistema de transporte público nos seus diferentes modos.

División administrativa de Galicia

Provincia	N.º Comarcas	N.º Concellos	Superficie (km²)	Poboación (Habitantes)
A Coruña	18	93	7.950	1.121.815
Lugo	13	67	9.858	327.946
Ourense	12	92	7.274	306.650
Pontevedra	10	61	4.495	945.408
Galicia	53	313	29.577	2.701.819

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2020

2.1.1 Zonificación adoptada

O criterio de zonificación escollido para a análise e diagnóstico da mobilidade debe ter en conta aspectos como: a compatibilidade coas unidades administrativas e estatísticas, parámetros de zonificación da poboación en capa de seccións censais, homoxeneidade en características urbanísticas e socioeconómicas, e a súa adecuación en virtude da localización das zonas respecto a eixos e nós de transporte, tanto viario como de transporte público.

Tendo en conta estes criterios óptase por empregar como punto de partida para determinar as zonas base de representación espacial as seccións censais de Galicia do ano 2020 (2.181).

Unha sección censal é unha unidade territorial de menor nivel, que se emprega habitualmente para a diseminación de información estatística (por exemplo, procesos electorais). Por iso están definidas por límites facilmente identificables (ríos, rúas, etc.) e teñen un tamaño de entre 1.000 e 2.500 habitantes, a non ser que o municipio correspondente teña unha poboación menor.


Levando a cabo a agrupación das diferentes seccións censais existentes en Galicia, pertencentes a cada un dos municipios galegos, dadas as súas características homoxéneas (urbanísticas e socioeconómicas) e a súa localización, definíronse un total de 734 zonas no ámbito de Galicia.

Estas zonas tamén foron tomadas como base para a tecnoloxía utilizada na recompilación dos datos a través da telefonía móbil, a cal permite adaptar estas zonas á localización xeográfica exacta dos desprazamentos mediante as antenas que son utilizadas para realizar as operacións de telefonía móbil.

Adicionalmente, para o estudo da mobilidade co exterior definíronse 49 grandes áreas externas, onde se inclúen as diferentes comunidades autónomas do resto de España e as provincias limítrofes con Galicia, o que supón un total de **783 zonas que constitúen a base de representación espacial para a análise do sistema de transportes.**

A continuación, detállase a desagregación da zonificación que se expuxo para a planificación da Estratexia Galega de Mobilidade.

Criterios de zonificación do estudo de mobilidade da EGM para a análise do sistema de transportes



Total 783 Zonas base de representación espacial

2.1.2 Macrozonas

No modelo de mobilidade desenvolto no marco da Estratexia Galega de Mobilidade realízase unha clasificación ou agrupación das zonas de transporte con características comúns en áreas de maior tamaño denominadas "macrozonas".

Para establecer estas "macrozonas" analizáronse as seguintes estruturas:

- **Concellos.** Administración básica máis próxima ao cidadán. En Galicia hai actualmente 313 municipios.
- **Comarcas.** É unha división do territorio que se debe ao Decreto 65/1997 da Xunta de Galicia, en virtude do cal, os municipios autonómicos distribúense en un total de 53 comarcas.

- **Áreas Sanitarias e Distritos Sanitarios de Galicia.** En Galicia identifícanse 7 Áreas Sanitarias. Son instrumentos de organización, sen personalidade xurídica, que configuran os órganos periféricos que xestiona o Sistema Público de Saúde de Galicia e integran todos os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde no seu ámbito territorial.

En paralelo análizase a mobilidade entre municipios a través dos datos de telefonía móbil, a partir dos cales compróbanse as principais relacións de cada municipio con respecto aos principais concellos de destino de cada un deles, de forma que se poidan establecer zonas diferenciadas e unha relación conxunta coas estruturas zonais mencionadas anteriormente.



Tendo en conta a análise conxunta das estruturas mencionadas, establecéronse un total de 20 macrozonas, como criterio de agrupación superior.

Macrozonas de Galicia



Fonte: Elaboración propia

2.2 Condicións físicas e ambientais

O modelo xeográfico de Galicia é un dos principais factores que determinan o desenvolvemento da mobilidade no seu territorio. Caracterízase polo contraste entre o relevo costeiro de baixa altitude e o interior de maior altitude, así como tamén polo contraste da morfoloxía entre as chairas elevadas setentrionais e as serras e depresións meridionais.

Debido a isto, o territorio galego é un espazo segmentado por barreiras naturais de importancia, destacando pola súa incidencia na mobilidade fortes pendentes asociadas á súa escarpada topografía e os cursos fluviais como barreiras lineais.

O territorio galego destaca pola súa diversidade nos 29.575 km² de superficie que abarca Galicia e os seus 1.498 km de litoral.

A continuación, analízanse a influencia dos diferentes aspectos físicos e ambientais na mobilidade do territorio galego.

2.2.1 Orografía

Pola súa orografía, Galicia destaca polo seu contraste xeomorfolóxico entre o litoral cántabro-atlántico, vales sublitorais, serras, chairas, vales interiores e os canóns fluviais de altitude variable entre o nivel do mar e os máis de 2.000 metros que alcanzan os cumes máis altos.

A configuración da paisaxe galega presenta unha orografía complexa con barreiras naturais que condiciona o desenvolvemento de gran parte das súas infraestruturas.

A análise territorial de Galicia desde o punto de vista das pendentes reforza esta idea de orografía accidentada e montañosa, co **32% da superficie con pendentes maiores do 20% onde hai menos posibilidades de trazar itinerarios para a mobilidade cotiá.**

2.2.2 Hidrografía

Galicia conta cunha gran cantidade de ríos e arrosios con características moi diferentes. Nas zonas altas das montañas os cursos fluviais están moi encaixados na roca, mentres que nos vales son abertos e de maior anchura.

Desde o punto de vista da mobilidade, a gran cantidade de canles dificulta moito as comunicacións, xa que se fai necesaria a construción de viadutos para facilitar o cruzamento dos ríos.

Os ríos poden ser importantes barreiras naturais aos desprazamentos e Galicia conta cunha grande cantidade de ríos e arrosios de características moi diferentes. Aínda que tamén poden ser unha oportunidade para a mobilidade activa pois as veigas das principais canles adoitan configurar importantes chairas, ao mesmo tempo que o seu carácter lineal permite planificar unha rede articulada de conexión entre diferentes zonas do territorio galego.

Outro aspecto característico do litoral galego a ter en conta, son as rías, cunha importante concentración de poboación na súa contorna, sendo un aspecto relevante a cantidade de viaxes que se poden xerar entre as poboacións principais de cada ría. Con todo, poden servir para conectar de forma marítima localidades situadas en beiras opostas evitando desprazamentos por estrada, polo xeral de maior percorrido.

Por tanto, a combinación de medios alternativos de transporte e transporte marítimo estase a converter nunha opción con gran potencial, pois aínda que os viadutos brindan unha alternativa innegable, tamén son unha opción con enormes custos económicos e posibles impactos na paisaxe e o medio ambiente, potenciando un modelo de mobilidade terrestre máis insostible.

2.2.3 Climatoloxía

A distribución espacial das temperaturas presenta unha variación costa-interior, relacionada coa presenza do océano Atlántico que ten un efecto de regulación térmica nas zonas costeiras e mesmo en zonas máis interiores-, e outro norte-sur, que hai que poñer en relación cun balance anual entre as compoñentes climáticas temperada e subtropical.

Con respecto ás precipitacións, Galicia conta cunha precipitación anual ponderada de 1.180 mm, acadando os valores mínimos próximos aos 500-600 mm no val do Miño-Sil, e os valores máximos aos 1.800-2.000 mm nas serras litorais (A Barbanza, A Groba) e a dorsal galega (Ou Suído, Faro de Avión).

Á hora de valorar o efecto do clima como axente disuasorio da mobilidade alternativa hai que ter en conta que as características climatolóxicas predominantes nun determinado territorio acaban converténdose en parte da súa idiosincrasia, o que axuda a que sexan aceptadas de maneira natural pola poboación.

Por exemplo, en países do norte de Europa, caracterizados por baixas temperaturas e períodos de intensas precipitacións, mesmo en forma de neve, os niveis de mobilidade ciclista mantéñense elevados mesmo durante o inverno.



2.3 Condicións socioeconómicas

As condicións económicas e sociais dunha rexión determinan fortemente os seus patróns de mobilidade urbana. Os asentamentos poboacionais, a actividade económica, a ordenación do territorio, a oferta e distribución de equipamentos e o parque automobilístico serán os elementos que posibiliten ou dificulten as opcións de mobilidade. Por outra banda, maiores e mellores opcións de mobilidade fan posible que unha maior cantidade de poboación, independentemente da súa condición socioeconómica, poida acceder a máis oportunidades, o que resulta nun escenario máis equitativo.

A continuación, analízase a influencia dos diferentes aspectos socioeconómicos na mobilidade do territorio galego, mediante as variables de composición, distribución e evolución da poboación en Galicia.

2.3.1 Sistema de asentamentos poboacionais e dinámica demográfica

O sistema de transportes, ou o modelo de mobilidade, adóitase describir habitualmente atendendo a dous compoñentes. Por unha banda, a oferta de transportes, composta de infraestruturas e servizos; é dicir, os compoñentes do sistema que dan resposta ás necesidades permitindo realizar os desprazamentos desexados pola poboación. E polo outro, estaría a demanda de transportes e os seus elementos explicativos, que determinan as necesidades de mobilidade. Así, á hora de analizar o sistema de transportes é necesario comprender ambos os dous compoñentes con detalle.


Para entender as cifras de demanda de transporte, primeiro hai que coñecer as cifras de poboación e a súa distribución territorial, xa que teñen unha relación directa coa demanda de transporte.

Galicia conta cunha superficie de 29.575 km² e ten unha poboación de 2.701.819 habitantes (INE 2020) que se concentra maioritariamente no eixo costeiro comprendido entre Ferrol – A Coruña e Vilagarcía de Arousa, Pontevedra e Vigo.


Galicia está composta por catro provincias, que comprenden un total de 313 municipios. A provincia con maior poboación é A Coruña con 1.121.815 habitantes seguida de Pontevedra con 945.408 habitantes, Lugo con 327.946 habitantes e, por último, Ourense con 306.650 habitantes, agrupando as provincias atlánticas máis do 75% da poboación galega.

Galicia é a sétima comunidade autónoma en tamaño territorial (5,8% do total nacional) e a quinta acorde ao volume de poboación (5,7% do total nacional).

Cifras territoriais e socioeconómicas de Galicia



Distribución poboación en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Analizando a evolución temporal observouse unha perda global do peso poboacional de Galicia no conxunto do Estado, pasando de supoñer o 10,6% da poboación española a principios do século XX ao 5,7% actual.

No que respecta á poboación da comunidade observouse un incremento nas provincias costeiras, concentrándose o 60% no litoral, con máis de 1,6 millóns de habitantes e un crecemento positivo nos últimos 20 anos do 3,7% fronte a un decrecemento da poboación nas localidades do interior do 7,6%.


O 30% da poboación galega concéntrase nas sete grandes cidades (A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense), superando todas elas os 60.000 habitantes en 2020; as localidades con menos de 500 habitantes acumulan máis do 37% da poboación e só 46 núcleos urbanos suman máis de 5.000 habitantes.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) prevé o crecemento das comarcas do eixo atlántico asociadas ás aglomeracións urbanas (A Coruña, Santiago, Vigo, O Condado e O Baixo Miño); en tanto que permanecerá estable, ou reducirá lixeiramente a súa poboación no resto das comarcas localizadas nese mesmo eixo. Apréciase un descenso significativo da poboación no conxunto da comarca de Ferrol, confirmando a tendencia experimentada nos últimos anos.

No interior pódese resaltar a tendencia de despoboamento nas comarcas agrícolas e de montaña, coas excepcións das comarcas de Verín e Valdeorras nas que se estima un crecemento de poboación respecto á actualidade.

Por último, convén facer mención do previsible estancamento e mesma recesión no crecemento da poboación das comarcas de Lugo e Ourense, que ven reducido progresivamente o seu peso no conxunto das áreas urbanas.

Evolución da poboación de Galicia por provincias



Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE)



A futuro, as proxeccións do Instituto Galego de Estatística (IGE) prognostican unha diminución do número de habitantes da comunidade reafirmándose a tendencia experimentada nos últimos anos de concentración da poboación nas dúas provincias atlánticas.

2.3.2 Distribución de poboación por idade e xénero

A estrutura da poboación dende unha perspectiva de xénero constitúe un claro condicionante da mobilidade que é preciso analizar.

En Galicia evidéncianse comportamentos diferenciados nos desprazamentos tal e como sucede noutros territorios de España e no resto de Europa. En particular, obsérvase como as mulleres realizan máis desprazamentos curtos (na contorna máis próxima, asociados a tarefas cotiás distintas ao traballo e aos estudos) e fan un menor uso do coche na súa mobili-

dade, realizando máis desprazamentos en modos non motorizados ou en transporte público.

No caso de Galicia, do mesmo xeito que no resto do mundo, a distribución total é bastante equilibrada, aínda que o número de mulleres é lixeiramente superior ao de homes (51,9% poboación feminina, fronte a un 48,1% masculina). Isto é debido á maior esperanza de vida das mulleres (3 ou 4 anos superior á dos homes) e maior mortalidade infantil dos nenos, que contrarresta o feito de que, en realidade, nacen máis nenos que nenas (107 nenos por cada 100 nenas).

En Galicia as mulleres rexistran un menor acceso ao coche, ben sexa por non dispoñer de permiso para a súa utilización, ben porque o coche familiar é máis usado polo home.


A configuración actual da poboación galega reflicte que o maior peso e dimensión se atopa no medio, na franxa de 40 a 59 anos. Actualmente a idade media é de 47 anos, o que a converte na terceira comunidade autónoma co censo demográfico máis avellentado.

Resalta lixeiramente o número de mulleres 1.401.666 (51,9%) fronte ao de homes 1.300.153 (48,1%). En franxas de idade máis novas hai un lixeiro predominio de homes con respecto ás mulleres, tendencia que se modifica a partir dos 40 anos, sendo especialmente significativo nos últimos tramos de idade, onde as mulleres representan un 60% da poboación.

Predomina a poboación maior de 45 anos, 55%, respecto ao 45% que representan os de menor idade. A maior concentración de poboación prodúcese no intervalo de 35 a 65 anos, representando o 45 % da poboación. Adicionalmente a poboación maior de 60 anos (32,1%) supera á de menos de 20 anos (15,9%), o que indica unha tendencia cara ao envellecemento da poboación.


Esta estrutura de poboación é típica do réxime demográfico moderno e de países desenvolto nos que a natalidade descendeu e con todo a taxa de mortalidade leva moito tempo controlada, sendo a esperanza de vida cada vez maior cunha evolución cara a un avellentamento da poboación.

Hábitos de mobilidade segundo xénero



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2020

Pirámide de poboación



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2020

Índices demográficos de Galicia

Ano	Índice avellentamento	Taxa avellentamento	Taxa de sobre avellentamento	% Octoxenarios	Proporción de activos	Índice de substitución de activos
2020	2,17	25,46%	34,06%	8,67%	62,83%	60,57%

Fonte: Elaboración propia

Analizando o avellentamento da poboación obsérvase que dende 1975 ata a actualidade produciuse un avellentamento da poboación, reflectido nunha taxa de avellentamento cada vez maior.

Hoxe hai máis dun 25% de poboación maior de 65 anos e un 63% de poboación entre 16 e 64 anos sobre poboación total. Hai 6 habitantes entre 15 e 19 anos por cada 10 habitantes que se sitúan entre 60 e 64 anos.

Densidade de poboación por provincias de Galicia

Provincia	Poboación (hab.)	Superficie (km ²)	Densidade de poboación (hab./km ²)
A Coruña	1.121.815	7.950	141,1
Lugo	327.946	9.858	33,3
Ourense	306.650	7.274	42,2
Pontevedra	945.408	4.495	210,3
Galicia	2.701.819	29.577	91,4


Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2020



En canto á distribución da poboación por macrozonas, as que presentan máis habitantes son Vigo e A Coruña co 19,2% da poboación total en cada unha delas, seguido de Santiago co 11,2%, Pontevedra co 8,6%, Ourense co 8,2%, Ferrol co 7,0% e Lugo co 5,9%.

No resto das macrozonas concéntrase unicamente o 20,7% da poboación total. As macrozonas con menor poboación son Os Ancares, A Limia e Verín con menos dun 2,5% do total.

Densidade de poboación por macrozonas



2.4 Actividade económica

Co obxectivo de caracterizar a economía da Comunidade Autónoma e a súa implicación sobre a mobilidade, analízase a actividade de diferentes niveis para poñer en contexto os datos socioeconómicos que se presentan.

En primeiro lugar, realízase unha análise do Produto Interior Bruto (PIB) da Comunidade Autónoma de Galicia.

O PIB é unha macromagnitude económica que resume o volume de actividade produtiva nun espazo económico en un período de tempo determinado. É o resultado dos procesos de produción de diversos axentes que operan en cada territorio (empresas, fogares, administracións públicas, etc.) producindo bens e servizos.




A nivel de concellos, a distribución do Produto Interior Bruto concéntrase nun 43,7% nas 7 principais cidades de Galicia: Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol.

Pódese observar como os devanditos municipios, aparecen situados entre os dez concellos con maior Produto Interior Bruto, aos que se unen os concellos de Arteixo (en 4ª posición), O Porriño (9ª posición) e As Pontes de García Rodríguez (10ª posición).

Se se analiza como se reparte esta riqueza entre as persoas que se distribúen polo territorio nacional, obtense o PIB per cápita. Neste caso, obsérvase que só hai 7 Comunidades Autónomas que están por encima da media española de 25.771 €. Galicia ocupa a décima posición cunha renda per cápita de 23.031 €, un 89,4 % da media nacional.

Produto interior bruto por concellos



En miles de euros

Menos de 50.000	50.000 - 100.000	500.000 - 1.000.000	2.000.000 - 5.000.000
	100.000 - 500.000	1.000.000 - 2.000.000	Máis de 5.000.000

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2018

2.5 Equipamentos: escolar, sanitario e industrial

Os equipamentos configúranse como espazos de uso colectivo atractores de viaxes.



Neste sentido, a información sobre os principais equipamentos, a súa caracterización e a súa distribución no territorio resulta fundamental para entender e explicar a mobilidade en Galicia.

2.5.1 Equipamento escolar

Galicia, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, dispón dun total de 1.367 centros educativos, dos que preto dun 74% son públicos e o 26% privados. Estes datos fan que Galicia se atope entre as comunidades autónomas con maior porcentaxe de alumnos en centros públicos, superando a porcentaxe de España en todas as etapas, do mesmo xeito que ocorre en Aragón, Principado de Asturias, Canarias, Cantabria, Castela A Mancha, Ceuta, Extremadura e Melilla, segundo o Sistema estatal de indicadores da educación (2019) do Ministerio de Educación e Formación Profesional.



Visión global do equipamento escolar en Galicia



A nivel provincial obsérvase unha concentración dos centros educativos na Galicia Atlántica, acorde coa distribución da poboación, mentres que na área interior redúcese de maneira considerable, con especial diferenza nos centros de educación infantil e primaria e os de ESO e/ou postobligatorias.

A nivel municipal, obsérvase a importancia que teñen as 7 principais cidades de Galicia, onde destacan A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, como os concellos que agrupan un maior número de alumnos matriculados nos seus centros educativos, seguidos nunha escala inferior por Ferrol, Pontevedra e Lugo. Algo lóxico, dado os datos de poboación de cada unha delas e a atracción cara ás súas áreas de alumnos doutros concellos próximos.

Con respecto ao **ensino universitario**, o proceso de descentralización de competencias levado a cabo desde o Estado cara ás Comunidades Autónomas tivo un grande impacto no desenvolvemento territorial nacional, incluíndo a Galicia.

En 1991 rómpese co modelo centralizado de equipamento universitario e créase o **Sistema Universitario Galego**, orixinando un cambio no modelo existente nese momento, centralizado en Santiago de Compostela, a un sistema de 3 universidades públicas distribuídas en 7 Campus:



Galicia presenta unha cifra de escolarización universitaria de 61.463 estudantes, o que representa unha taxa do 28,2%, sendo o décimo valor máis alto dunha comunidade autónoma e por debaixo da media española situada nun 32,4%.

Distribución de centros docentes por provincias

CENTROS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Educación infantil e primaria	288	94	87	280	749
Educación primaria e ESO	53	25	21	63	163
ESO e ensinos postobligatorias	139	48	39	114	340
Educación primaria, ESO e ensinos postobligatorias	33	4	7	26	70
Educación de adultos	3	3	2	3	11
Educación especial	15	2	3	15	35
Total	531	176	159	502	1.367

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2020

2.5.2 Equipamento sanitario

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) é o organismo da administración autónoma de Galicia a cargo da asistencia sanitaria pública na devandita comunidade autónoma. Foi creado en 1989, sendo transferidas as competencias sanitarias á Xunta de Galicia.

Integra todos os centros e servizos sanitarios da administración autonómica galega, sobre os que exerce a súa dirección e xestión, co fin de garantir a asistencia sanitaria. É un organismo autónomo de carácter administrativo dirixido por a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

O sistema estrutúrase mediante Áreas Sanitarias e Distritos Sanitarios de Galicia, que son as estruturas fundamentais do sistema, que xestionan o Sis-


tema Público de Saúde de Galicia e integran todos os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde no seu ámbito territorial.

Na comunidade funcionan 14 hospitais públicos e 21 hospitais privados, segundo o Catálogo Nacional de Hospitais 2020, do Ministerio de Sanidade.


Neste contexto, a Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde decidiron impulsar o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria que sirva de plan director dos investimentos futuros para esta rede de centros, deseñando así a folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo.

Galicia conta con 7 Áreas Sanitarias, 465 centros de atención primaria (398 centros de saúde e 67 consultorios).

Visión global do equipamento sanitario en Galicia



Áreas Sanitarias de Galicia



■ A Coruña e Cee
■ Ferrol
■ Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos
■ Pontevedra e O Salnés
■ Santiago de Compostela e Barbanza
■ Vigo
■ Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Fonte: Servizo Galego de Saúde

Nas áreas de saúde, levan a cabo actividades que comprenden a atención primaria e a atención hospitalaria. Ademais, dentro destas Áreas Sanitarias establécense dous niveis ou contornas asistenciais. Os servizos sanitarios de primeiro nivel, Atención

Primaria, caracterízanse por ter unha grande accesibilidade e pola suficiente capacidade de resolución técnica como para abordar integramente os problemas de saúde máis frecuentes. Asemade, é accesible a todos os individuos e familias da comunidade.

Centros de Atención Primaria e Atención Especializada por provincias

CENTROS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Centros de saúde	133	73	100	92	398
Consultorios	29	11	9	18	67
Atención Primaria	162	84	109	110	465
Hospitais	5	3	3	3	14
Centros de especialidades	8	4	4	8	24
Centros de orientación familiar	7	5	6	4	22
Atención Especializada	20	12	13	15	60

Fonte: Servizo Galego de Saúde. Ano 2019

Pola súa parte, a Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia (FPUSG-061) ten por obxecto realizar as actividades de xestión, coordinación, consultaría, docencia e investigación fundamentalmente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria.

Para esta finalidade dispón da rede de transporte sanitario urxente de Galicia (RTSUG-061), deseñada para dar resposta ás necesidades de asistencia e transporte sanitario urxente extrahospitalario con cobertura á totalidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está formada por 2 helicópteros e 127 ambulancias repartidas por toda a xeografía galega.



2.5.3 Equipamento industrial

Galicia está dotada con máis de 150 polígonos industriais, comerciais e de servizos, situados nas catro provincias galegas, cunha superficie que supera os 60 millóns de metros cadrados.

O tecido industrial constitúe outro dos elementos determinantes da mobilidade xa que implica desprazamentos obrigatorios da poboación, e a repercusión de hábitos de traslados tanto na oferta de infraestruturas como de servizos de transporte para atender ao tecido industrial de Galicia.

Case a metade da superficie desenvolta como polígonos industriais está concentrada na provincia da Coruña, que conta no seu territorio cun 47,8% do total de Galicia.

As provincias atlánticas aglutinan gran parte da superficie de polígonos industriais (75,1%). Isto é debido ao impulso do tecido industrial situado en estas provincias, ademais da presenza de dotacións de chan con posibilidade de desenvolvemento en áreas cun importante carácter industrial e comercial que favorecen a implantación de novas empresas e a procura de novos desenvolvementos urbanísticos neste ámbito.


Polígonos máis relevantes de Galicia



Distribución principais polígonos industriais de Galicia



Porcentaxe de superficie de polígonos industriais por provincia





Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Ano 2020



A distribución dos polígonos industriais asóciase nas principais cidades de Galicia, destacando a contorna da Coruña cun 22,7% da superficie industrial, principalmente pola presenza de varios polígonos, entre eles o polígono de Sabón (segundo polígono en superficie de extensión en Galicia despois do polígono de San Cibrao das Viñas en Ourense).

Porcentaxe de superficie de polígonos industriais por macrozona



Fonte: Instituto Galego de Vivenda e Solo. Ano 2020

2.6 Parque automobilístico

O total do parque de vehículos de Galicia acadou 2.069.791 vehículos en 2019, dos cales, o 75,6% son turismos (1.564.919), un dato que supón un índice de motorización de 579,7 turismos por cada 1.000 habitantes, sensiblemente superior á media nacional que se sitúa en 523,2.

Obsérvase unha tendencia crecente do parque de vehículos, de modo que, en todo o territorio galego pasouse de 1.436.417 vehículos no ano 2000 a 2.069.791 vehículos rexistrados no ano 2019.

Pontevedra e A Coruña son as provincias con menor índice de motorización cun cociente de 577,4 e 560,9 turismos por cada 1.000 habitantes respectivamente. Ambas presentan un crecemento acumulado no últimos vinte anos do 31,4% e do 41,5%.

O índice de motorización en Galicia é un 10,8% superior á media nacional, sendo este moito maior en Lugo cun incremento do 18,2% seguido de Ourense co 17,27%.


Isto pode ser debido principalmente a dúas razóns; en primeiro lugar, as provincias de Lugo e Ourense caracterízanse pola dispersión da poboación enmarcada nun contexto territorial rural, o cal provoca a un maior uso do vehículo privado como modo de transporte.

Doutra banda, nestas provincias concéntrase un maior número de poboación en idade adulta, o que reforza ao uso do vehículo privado como modo de transporte prioritario.

Pódese concluir que o carácter rural e disperso de grande parte dos núcleos de poboación de Galicia propiciou un maior índice, e consecuentemente, un uso maior do coche respecto a outras rexións de España.

A experiencia demostra tamén que, nas zonas cunha maior oferta de transporte público colectivo, como é o caso das cidades principais de Galicia, a participación destes medios de transporte na repartición modal aumenta. Pola contra, a medida que nos afastamos destas áreas o seu uso diminúe, ao reducirse tamén a oferta de transporte colectivo e, polo tanto, as posibilidades de utilizalo.

Distribución parque de vehículos en Galicia




Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2019

Distribución do parque de vehículos por provincia

	Turismos	Camións e furgonetas	Autobuses	Motos	Tractores industriais	Outros
A Coruña	628.008	87.110	1.688	54.758	4.989	22.669
Lugo	203.821	43.772	1.250	17.800	3.338	12.392
Ourense	188.769	39.114	627	17.491	2.087	8.378
Pontevedra	544.321	83.995	1.246	76.011	4.622	21.535
Galicia	1.564.919	253.991	4.811	166.060	15.036	64.974

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Ano 2019

Visión global do parque de vehículos en Galicia




2.7 Seguridade viaria


De acordo cos últimos datos publicados pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), a evolución do número de accidentes de tráfico en Galicia experimentou unha tendencia crecente desde o ano 2011, sendo do 40,1% en Galicia e do 25,4% en España.

Se se analiza o número de accidentes con vítimas que ocorren en toda a Comunidade Autónoma segundo tipo de vías, xa sexan vías urbanas ou resto de estradas nivel, obsérvase que se produce unha maior proporción de accidentes na estrada que en zona urbana, aínda que, namentres que en estradas estes valores se mantiveron, en zonas urbanas o crecemento viuse multiplicado por tres, pasando de 565 accidentes con vítimas o ano 2011 a 1.744 en 2019.

Evolución do número de accidentes de tráfico con vítimas en Galicia segundo tipo de vía



Evolución do número de accidentes de tráfico con vítimas en España segundo tipo de vía



Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Doutra banda, analizando o número de accidentes con vítimas a nivel nacional no conxunto de España, a diferenza de Galicia, o número de acci-

dentos en zonas urbanas é superior ao número de accidentes en estradas.

Tanto en España como en Galicia a proporción de accidentes en vías urbanas crece en relación aos accidentes en estradas, compartindo a tendencia de crecemento.

2.7.1 Número de mortos en accidentes de tráfico


Estes últimos nove anos o decrecemento do número de mortos en accidentes de tráfico foi o dobre en Galicia respecto de España, cunha redución dun 31,7% fronte o 14,8% nacional.

A análise dos datos revela unha maior redución da mortalidade nas zonas interurbanas da Comunidade de Galicia (-36,0%) que no conxunto de España (-22,9%).

O número de mortos en vías urbanas en Galicia descendeu un 4% mentres que en España aumentou un 13,6%.


Como consecuencia da maior accidentalidade na estrada observada en Galicia fronte ao conxunto nacional, cuxa severidade é xeralmente maior, a proporción de falecidos na estrada en Galicia é superior ao conxunto de España en relación cos falecidos en vías urbanas.

Evolución do número de mortos en Galicia segundo tipo de vía




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Evolución do número mortos en España segundo tipo de vía



Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Comparativa de mortes en accidentes de tráfico por tipo de vía




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019

2.7.2 Relación co parque móbil

Pondo en relación o número de accidentes co parque de vehículos total, obsérvase un índice de accidentalidade inferior á media nacional en Galicia (21,9 accidentes por cada 10.000 automóviles en Galicia, fronte aos 30,2 de media


de España no ano 2019). Ocorre de xeito diferente cando o dato analizado é o número de mortos, que no caso de Galicia é de 0,6 mortos por cada 10.000 vehículos fronte ao 0,5 en España (datos do 2019).

Cociente de accidentes en relación co parque móbil



Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Cociente de mortos en relación co parque móbil




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

2.7.3 Análise por provincias

Analizando a nivel de provincia, a provincia con menor número de accidentes é Ourense con 390 accidentes (ano 2019), a diferenza de Pontevedra con 1.868 e A Coruña con 1.816. Lugo presenta un total

de 453 accidentes no mesmo ano. Estes datos gardan relación co número de parque de vehículos existente en cada provincia.

Evolución do número de accidentes con vítimas de tráfico por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

A provincia con maior variación do número de accidentes é Lugo cun descenso do 59,5%, seguido de Ourense cun 48,3%. En terceiro e cuarto lugar atópanse A Coruña e Pontevedra cun descenso do 28,2% e 10,2% respectivamente.

Doutra banda, analizando o número de mortos no último ano, a provincia onde se produce un número maior é A Coruña (53 mortos) fronte a Ourense (15 mortos). Pontevedra e Lugo presentan 37 e 22 mortos respectivamente.

En termos xerais, en todas as provincias produciuse un descenso do número de mortos entre o 75% e o 82% desde o ano 1998 ata a actualidade.

Evolución do número de mortos en accidentes de tráfico por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Unha análise en relación co parque de vehículos a nivel provincial arroxa uns resultados algo distintos, xa que, aínda que Pontevedra é a provincia cunha maior accidentalidade (cunha cociente de 22,7 accidentes por cada 10.000 automóviles no ano 2019), é a provincia con menor índice de mortalidade (0,5 mortos en accidentes de tráfico por cada 10.000 automóviles).


Lugo, pola súa banda, é a provincia con maior cociente de mortalidade (0,8 mortos en accidentes de tráfico por cada 10.000 automóviles) sendo a terceira con maior índice de accidentalidade (16,0 accidentes por cada 10.000 automóviles no ano 2019).

Cociente de accidentes en relación co parque móbil por provincias



Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Cociente de mortos en relación co parque móbil por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

2.7.4 Análise segundo titularidade

Se se ten en conta a titularidade da vía, o número de accidentes con vítimas varía segundo provincia, tal e como se pode ver na seguinte figura:

Distribución do número de accidentes con vítimas segundo titularidade da vía por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019

Como xa se comentou anteriormente, en Galicia prodúcese un maior número de accidentes con vítimas en estradas que en vías urbanas. Se se ten en conta á súa vez a titularidade das estradas, obsérvase como todas elas teñen unha repartición similar, salvo A Coruña na cal a repartición de accidentes é superior en estradas de titularidade autonómica que estatal.

Doutra banda, con relación ao número de mortos, A Coruña presenta unha porcentaxe maior de falecementos en estradas de titularidade autonómica fronte ás estatais e provinciais. Pontevedra é a provincia con menor número de falecidos en vías de titularidade provincial.

Distribución do número de mortos segundo titularidade da vía por provincias



Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019




2.7.5 Análise segundo tipo de vía

Analizando o tipo de vía por provincias, obsérvase que as estradas convencionais son as vías con

maior número de accidentes con vítimas, seguido das vías urbanas.

Distribución do número de accidentes con vítimas segundo tipo de vía por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019

Do mesmo xeito, analizando o número de mortos segundo o tipo de vía, obsérvase que as estradas convencionais son as vías con maior número de falecidos sexa cal sexa a provincia. Este feito é debido á tipoloxía que teñen, xa que ao non estar desdobladas e por tanto contar cun carril por sentido fan

que as saídas de vía e colisións frontais sexan os accidentes máis comúns. Ademais, o incumprimento dos límites de velocidade, condutas irresponsables (alcohol, drogas, etc.) e o estado da infraestrutura fan que este feito se agrave máis aínda.

Distribución do número de mortos segundo tipo de vía por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019

2.7.6 Análise en función do volume de tráfico

En función do volume de tráfico (veh-km/ 10⁶), obsérvase tamén como as estradas convencionais son as

vías que soportan unha maior densidade de vehículos con vítimas, seguido das vías urbanas.

Cociente de accidentes en función ao volume de tráfico por provincias




Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019

Ao realizar unha análise do número de mortos segundo o volume de tráfico, obsérvase como as estradas niveis convencionais son as vías que sofren un maior número de falecidos en cada unha das

provincias galegas. Tal e como se mencionou anteriormente, está situación é debido ás características destas vías, que implican un maior número de saídas de vía e colisións frontais.

Cociente de número de mortos en función ao volume de tráfico por provincias



Fonte: Dirección Xeral de Tráfico. Ano 2019

2.8 Sistema de transporte actual en Galicia

2.8.1 Oferta de infraestruturas de transporte en Galicia

A oferta de transportes ten como obxecto satisfacer as necesidades de mobilidade da poboación. A análise da oferta céntrase habitualmente en dous elementos que a integran: as infraestruturas nivel e os servizos de transportes. Estes dous elementos configuran os diferentes modos de transporte: aéreo, marítimo e terrestre.

A oferta de Infraestruturas de transporte inclúe: a rede de estradas e autovías, ferroviaria, marítima, aeroportuaria, rede de paradas e estacións.

Galicia conta con 17.724 quilómetros de estradas, o que supón unha densidade de 599 quilómetros por cada 1.000 km² de superficie e de 656 quilómetros por cada 100.000 habitantes, moi por encima da media nacional (327 e 349 respectivamente).



Galicia conta coa rede de estradas máis extensa das comunidades autónomas españolas.

Visión global da oferta de infraestruturas de transporte en Galicia



Predominan de forma importante as estradas convencionais, representando preto do 90% en todos os ámbitos territoriais. O 1,8% da lonxitude corresponde a autoestradas de peaxe, porcentaxe similar ao da media nacional, concentrándose estas nas provincias da Coruña e Pontevedra, onde representan un 4,1% e un 4,3% respectivamente da lonxitude total da rede de estradas.


En cambio, a proporción de quilómetros de autopistas libres e autovías é do 4,4% para Galicia, que é inferior á media nacional, cun 7,6%. Ourense é a provincia que máis se achega á media nacional cun 6,3%

Rede de estradas

Rede de estradas	Estradas convencionais	Autoestradas de peaxe	Autoestradas libres de peaxe / Autovías
17.724 km	90% en toda a comunidade	1,8 %	4,4 %

Tipo vía	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Autoestrada peaxe	2.957 1,8%	327 1,8%	179 4,1%	0 0,0%	0 0,0%	148 4,3%
Autoestrada libre de peaxe / Autovía	12.626 7,6%	785 4,4%	204 4,6%	251 3,9%	215 6,3%	116 3,3%
Estradas convencionais	148.396 89,6%	16.513 93,2%	3.947 89,9%	6.204 95,9%	3.177 93,3%	3.185 91,9%
Multicarril	1.645 1,0%	99 0,6%	58 1,3%	14 0,2%	12 0,4%	15 0,4%
Total	165.624	17.724	4.388	6.469	3.404	3.464

Distribución de lonxitude da rede de estradas en Galicia por provincias



Fonte: Anuario 2018 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

Máis da metade dos quilómetros da rede viaria existente en Galicia é titularidade de Deputacións, porcentaxe superior á media nacional. En Lugo esta porcentaxe é aínda maior, 65%. O 31% dos quilómetros da rede galega son de titularidade autonómica

xestionada pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), e a denominada Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG). Por último, a Rede de Estradas do Estado, xestionado polo MITMA, representa o 13%.

Distribución de lonxitude da rede de estradas segundo titular para España, Galicia e provincias



Fonte: Anuario 2018 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana


As grandes cidades de Galicia están, en xeral, interconectadas por vías de alta capacidade, autovías e autoestradas, salvo a conexión entre Lugo e Ourense que se resolve con estradas convencionais.

As principais conexións exteriores resólvense con vías de alta capacidade, como a Autovía/Autoestrada do Cantábrico (A-8/AP-8) que conecta coa Cornixa Cantábrica ata o País Vasco, a autovía do Noroeste (A-6) e a Autovía das Rías Baixas (A-52), que conectan con Castela e León e a través desta co resto das autonomías peninsulares, ou as autovías Verín-Fronreira Portuguesa (A-75) e a Autovía Vigo-Fronreira Portuguesa (A-55) que conectan con Portugal.

Así, a autoestrada AP-9 articula a conexión das 5 cidades do oeste: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. A A-6 dá soporte á conexión Lugo e A Coruña e a A-52 conecta Ourense con Vigo.



Rede de estradas de Galicia segundo titularidade da vía



— Ministerio de Fomento — Xunta de Galicia — Deputacións

Fonte: Xunta de Galicia


Respecto da **rede ferroviaria**, Galicia tamén está por encima da media española medida segundo lonxitude por superficie e habitantes. Así, con 1.206 quilómetros de vías ferroviarias que supoñen un 7,6% do total nacional, Galicia ten 41 quilómetros por cada 1.000 km² de superficie e 47 quilómetros por cada 100.000 habitantes (sendo a media nacional 31,4 e 33,5 respectivamente).

Segundo datos de ADIF, a rede, aínda que experimentou un crecemento do 10,7% nos últimos 10 anos, presenta unha maior proporción de vía única e de vía non electrificada que a media nacional.



A Estratexia Galega de Mobilidade integra diferentes actuacións para dar resposta ás necesidades ferroviarias de Galicia, tratando de impulsar medidas que permitan optimizar a capacidade e calidade do ferrocarril.

Rede de ferrocarril de Galicia



Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

A rede ferroviaria conecta as principais cidades. A conexión entre Ourense, Santiago e A Coruña é de alta velocidade, así como a de Santiago con Pontevedra e Vigo. Algunhas das disfuncionalidades que se observan son a falta de conexións directas entre algunhas cidades, é o caso de Lugo e Ourense con Vigo e Pontevedra.

A conexión ferroviaria de Galicia co resto de España prodúcese a través de 3 puntos. O primeiro pola liña de ancho métrico que conecta Ferrol con Xixón e demais cidades da costa cantábrica. O segundo pola "E" que conecta Lugo e Ourense con Ponferrada, León, Palencia e Valladolid. E, por último, a liña que conecta Ourense con Pobra de Seabra, Zamora e Medina del Campo.

A rede titularidade de ADIF está conectada coa rede de Portugal (IP), en xeral, de ancho ibérico, a través dos puntos fronteirizos de: Tui/Valença do Miño, Fontes de Oñoro/Vilar Formoso; e coa rede de Francia SNCF.

Réseau por ancho ibérico a través de Irún/Hendaia, Portbou/Cerbere e Puigcerda/A Tour de Carol, aínda que o tránsito á rede francesa por estes accesos require o cambio ao ancho estándar dos trens.

En relación cos seus **portos**, ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, Galicia conta con 128 portos. A maioría destes portos, 122, son xestionados pola Xunta de Galicia a través de Portos de Galicia, ente público adscrito á Consellería do Mar. Os 6 portos de maior dimensión e de interese xeral son xestionados polo Estado, dos cales 4 deles, A Coruña, San Cibrao, Ferrol e Vigo, forman parte da rede global de portos da Rede Transeuropea de Transporte. Aínda que están moi relacionados co transporte de mercadorías, algúns dos portos galegos contan con liñas regulares de transporte de pasaxeiros, así como cruceiros.



Portos de Galicia



Porto Autonómico Porto Estatal

Fonte: Portos do Estado e Portos de Galicia

Aínda que están moi relacionados co transporte de mercadorías, algúns dos portos galegos contan con liñas regulares de transporte de pasaxeiros, así como de cruceiros.

PRINCIPAIS PORTOS DE GALICIA



Porto da Coruña

A Autoridade Portuaria da Coruña xestiona e administra dous recintos portuarios: o porto interior no Concello da Coruña e as instalacións portuarias do porto exterior de Punta Langosteira, situadas no municipio de Arteixo. Ambos os dous portos forman parte do sistema portuario de interese xeral de España e contan cunha situación xeográfica privilexiada na conexión das principais rutas de tráfico marítimo internacional entre o norte de Europa e o Mediterráneo e África e entre Europa Occidental e América.



Porto de Marín e Ría de Pontevedra

O Porto de Marín sitúase na ría de Pontevedra onde dispón de comunicación coa Península Ibérica e Europa a través da Autoestrada do Atlántico (AP-9) e da Autovía das Rías Baixas (A-52) que tamén enlazan con autoestradas de Portugal. Conta cunha rede ferroviaria interior de 7 quilómetros e 7 vías principais e con conexión directa que entronca coa rede nacional de ferrocarril. Marín é un dos principais portos do Estado na utilización da intermodalidade buque-tren.

Porto de Ferrol – San Cibrao

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao xestiona ambos os dous portos, sendo Ferrol o de maior actividade comercial. O porto de Ferrol, situado na provincia da Coruña, domina a ría do mesmo nome formada polas costas dos municipios de Ares, Mugardos, Fene, Neda, Narón e Ferrol e á que se accede entre a Punta Coitelada e o Cabo Prioriño Mozo, lugar no que está situado o Porto Exterior, que é un dos maiores da Península Ibérica con 1.500 metros de peirao.



Porto de Vigo

O Porto de Vigo sitúase no noroeste da península ibérica na cidade do mesmo nome. A Zona Franca de Vigo é unha das tres existentes en España e alberga un destacado armazón de empresas auxiliares da industria do automóbil. Ao longo das infraestruturas e instalacións portuarias situadas no tramo de costa comprendido entre Bouzas e Guixar, existe un viario interno principal de aproximadamente 5,5 quilómetros que as une e da que parten as vías secundarias de acceso aos distintos peiraos.

Aeroportos de Galicia



A rede aeroportuaria de Galicia está conformada por tres aeroportos situados no eixo atlántico que dan servizo ás cidades galegas máis importantes.



O aeroporto de Santiago de Compostela, anteriormente coñecido como Lavacolla, atópase a uns dez quilómetros ao nordeste da cidade, nos termos municipais de Santiago de Compostela, O Pino e Boqueixón, provincia da Coruña. É o máis importante en número de conexións.



O aeroporto de Vigo, que dá servizo ás cidades de Vigo e Pontevedra, atópase situado nos termos municipais de Mos, Redondela e Vigo, a nove quilómetros do centro urbano de Vigo e a 28 quilómetros da cidade de Pontevedra.



O aeroporto da Coruña, antigamente coñecido como Aeroporto de Alvedro, está situado ao norte da provincia da Coruña, no termo municipal de Culleredo, a uns 8 quilómetros de distancia do centro da cidade da Coruña. Dá servizo ás cidades da Coruña e Ferrol.

No relativo ás infraestruturas de transporte, non pode quedar sen mención a rede de paradas e estacións que dá soporte ao transporte público por estrada.

Así, en Galicia existen un total de 20.361 paradas físicas pertencentes á rede de transporte público interurbano por autobús xestionado pola Xunta de Galicia. Entre estas paradas, existen un total de 35 estacións de autobuses, que representan un papel fundamental no funcionamento do transporte público debido á súa importancia na conexión dos servizos de autobús existentes a diferentes escalas: urbana, metropolitana, interurbana e longa distancia.

En relación co ferrocarril, tan importante como a propia rede son as estacións ferroviarias e as estacións intermodais. En Galicia existen 82 estacións de viaxeiros, o que representa un 5,7% das 1.451 estacións existentes a nivel nacional. Distribúense maioritariamente nas provincias da Coruña e Pontevedra.

A Xunta de Galicia está a apostar polo establecemento de estacións intermodais nas 7 principais cidades galegas como proxectos de referencia da política de fomento do transporte público que está a impulsar a Administración.

A optimización destas infraestruturas consiste na remodelación das principais estacións ferroviarias das 7 cidades para adaptalas á alta velocidade, xunto coa construción dunha nova estación de autobuses anexa e a acometida de actuacións complementarias que faciliten o cambio modal.

Visión global da Infraestrutura do transporte público en Galicia

- 3 Aeroportos
- 20.361 Paradas bus físicas
- 35 Estacións de autobuses
- 5 Estacións intermodais en funcionamento ou en construción
- 2 Estacións intermodais en proxectos ou planificadas
- 128 Portos
- 82 Estacións ferroviarias
- 209 Km Vías ciclistas
- 356 Km Sendas peonís



Estación Intermodal A Coruña



Estacións intermodais son as terminais de autobuses integradas en estacións de tren para optimizar as operacións de transporte en infraestruturas intermodais.

Estación Intermodal Ourense



Estación Intermodal Santiago de Compostela



Actualmente atópanse en funcionamento as intermodais de Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Vigo e en construción a de A Coruña. As estacións de Ferrol e Lugo atópanse planificadas.

En canto á **infraestrutura ciclista**, na contorna urbana hai que destacar o papel dos municipios en dotar de infraestrutura a este modo. En canto ás comunicacións interurbanas dispónse dos camiños rurais e das rutas do Camiño de Santiago, xeralmente utilizadas por motivo de lecer ou turismo.

A lonxitude total das vías ciclistas existentes rexistradas en Galicia é de 209,27 quilómetros, repartidas de forma moi desigual entre as distintas provincias entre as que destacan Pontevedra e A Coruña, sumando ambas as dúas unha porcentaxe respecto do total dun 97,82%. Moi por detrás sitúanse Lugo e Ourense.

A lonxitude de **carrís peonís** rexistrados en Galicia ascenden a 356,50 km. A Coruña e Pontevedra, seguen a ser as provincias con maior número de quilómetros de vías destas características. A Coruña destaca con máis de 180 quilómetros de carril peonil, logrando unha porcentaxe do 50,68% respecto do total, detrás sitúase Pontevedra, e de últimas Lugo e Ourense, que entre ambas as dúas acumulan o 18,32% do total.

Cómpre resaltar tamén os labores de ampliación das sendas, tanto peonís como ciclistas, levadas a cabo pola Administración Autonómica desde o ano 2020, no marco da "Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia". Algunhas xa executadas e outras en construción.

Ata o momento completáronse os estudos de once comarcas repartidas polas catro provincias galegas: nunha primeira fase, os das comarcas da Coruña, Bergantiños, Ferrol, Santiago, O Salnés, Terra Cha e Vigo; e na segunda os de Lugo, Pontevedra, O Morrazo e Ourense.

Entre as rutas interurbanas destaca a **Eurovelo**, unha rede ciclista de longa distancia que conecta o continente europeo e que, por unha banda, incentiva a práctica de deportes e o ecoturismo e, por outra, proporciona unha rede viaria para que os residentes realicen os seus traxectos diarios.

A rede Eurovelo consta de 16 rutas de longo recorrido que unen 42 países europeos a través de máis de 87.000 quilómetros. As rutas compóñense de tramos que discorren aproveitando estradas existentes en bo estado e con baixa densidade de tráfico que se complementan con tramos de nova construción.

A planificación integrada das infraestruturas, así como a articulación da normativa que regula os diferentes modos de transporte, forman parte da Estratexia para coordinar accións multisectoriais que permitan innovar modelos mixtos de transporte que dean respostas aos retos que expón a mobilidade sustentable. Un aspecto determinante é a incorporación de novos conceptos e a extensión dos distintos modos de transporte compartido ligados á micro mobilidade, dentro da normativa vixente en materia de transporte.

Lonxitude de carril ciclista e carril peonil por provincia en Galicia

Provincia	Carril Ciclista	Carril Peonil
A Coruña	88,16	180,69
Lugo	3,94	40,70
Ourense	626,00	24,62
Pontevedra	116,54	110,50
Galicia	209,26	356,50

Fonte: Elaboración propia. Ano 2020

Modos que integran o micro mobilidade



Respecto doutros conceptos como a mobilidade compartida, sen ter en conta certas referencias que poden ser atopadas nalgunhas das recentemente aprobadas ordenanzas de mobilidade, non existe un marco regulatorio nin a nivel autonómico nin estatal que determine de maneira homoxénea o establecemento destes novos modos de maneira xeneralizada e en harmonía cos xa existentes (taxi, VTC, servizos de rent a car...).

A análise do marco regulatorio da mobilidade debe comprender un estudo da normativa actual e dos plans que afectan aos diferentes modos co obxectivo de obter unha visión completa do marco legislativo que afecta o conxunto do sistema de transporte.

Polo tanto, será preciso que se leven a cabo novos avances nestas fórmulas colaborativas para que devandito marco regulatorio sexa posto en marcha como parte das actuacións previstas na Estratexia.

2.8.2 Oferta de servizos de transporte en Galicia

En relación coa oferta de servizos de transporte público analízanse as alternativas existentes por estrada, ferrocarril, aéreo e marítimo.

TRANSPORTE POR ESTRADA – AUTOBÚS

As características particulares do transporte público convérteno nun medio artellador da mobilidade, sinónimo de igualdade de oportunidades. Un sistema de transporte público eficiente apoia as medidas de mellora do espazo público, cambiando a repartición modal en detrimento do uso do coche co que se consegue reducir as emisións contaminantes procedentes do transporte en xeral e mellorar a seguridade viaria.

O espazo público urbano foi deseñado nas últimas décadas para o uso predominante do vehículo privado particular, perdéndose o devandito espazo para os habitantes dos municipios.

Grazas ao transporte público pódense alcanzar melloras en múltiples fronte de forma simultánea no relacionado coa optimización de espazos urbanos en beneficio do peón.

A modo de exemplo, un autobús que transporta 30 persoas representa de 25 a 30 coches (segundo a súa ocupación) menos no viario, tendo como consecuencia unha liberación do espazo, redución de emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro.

O transporte público tamén contribúe á mellora da saúde pública grazas a que o usuario ten que realizar unha parte do traxecto a pé que non require cos desprazamentos o vehículo privado. Isto enlazado cunha mellor calidade do aire, representa melloras na calidade de vida ademais de aforros económicos importantes en gastos médicos para a sociedade no seu conxunto.

Capacidade dos modos a igualdade de ocupación do espazo



Fonte: Elaboración propia

O transporte público tamén ten un efecto integrador na sociedade mellorando as condicións de vida de determinados colectivos, xa que proporciona un medio de transporte a aqueles sectores da poboación que non poden dispoñer dun vehículo propio. Desta forma, ampliáanse as posibilidades de desprazarse e ofrécense novas oportunidades de acceso ao traballo e aos servizos.

A nivel nacional, o transporte público interurbano de viaxeiros establécese como un mecanismo importante capaz de garantir unha mobilidade sustentable dos diferentes grupos de poboación situados en calquera punto do país.

De acordo coa Lei 16/1987 de Ordenación dos Transportes Terrestres (LOTT), comprende aqueles traxectos cun itinerario preestablecido con suxeición a horarios e calendarios prefixados, considerando aos pasaxeiros en paradas fixas entre distintos termos municipais. Desta maneira, non se incluírían nesta definición tanto o transporte discrecional de pasaxeiros como o transporte regular dirixido a colectivos especiais (esencialmente laboral e escolar). Ademais, o transporte regular nacional divídese, segundo un criterio de territorialidade, entre itinerarios

que transcorren entre municipios pertencentes a distintas comunidades autónomas e itinerarios entre municipios dunha mesma comunidade.

Actualmente, en Galicia existen un total de **5 contratos** que desenvolven os seus servizos, conectando as diferentes cidades de Galicia co territorio nacional. Para analizar o impacto de cada un dos contratos, realízase a análise de datos de vehículos-quilómetros percorridos, os cales son reflectidos nun indicador que se define como a cantidade de quilómetros percorridos nun determinado período de tempo, xeralmente un ano, por un determinado vehículo ou frota de vehículos.

Os datos xerados por este indicador proporcionan información crucial sobre o volume de tráfico e o seu crecemento e serven para observar as tendencias na intensidade do uso enerxético no sector transporte a longo prazo. Tamén son útiles para realizar estimacións de emisións de gases contaminantes dos vehículos automotores.

Na seguinte táboa móstranse os vehículos-quilómetro por cada contrato de servizo regular de viaxeiros nacional por estrada en Galicia, tendo en conta todas as liñas deste, non só as que transcorren pola comunidade galega.

Evolución do número de vehículos-quilómetro por cada contrato de xestión do servizo regular de viaxeiros nacional por estrada en Galicia

Contrato	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Media
VAC-046	9.481.137	9.385.837	9.218.700	8.776.577	8.664.178	8.644.850	8.659.652	8.975.847
VAC-127	9.877.459	9.577.226	9.411.967	9.357.155	8.984.964	8.286.579	8.177.395	9.096.106
VAC-159	10.600.490	10.529.068	10.608.589	10.542.958	10.626.106	10.523.692	11.357.091	10.683.999
VAC-206	2.371.785	2.480.693	2.397.828	2.356.806	2.362.224	2.472.853	3.370.672	2.544.694
VAC-219	4.262.796	3.724.565	3.086.502	2.746.139	2.841.966	2.719.442	2.749.810	3.161.603
Total	36.593.667	35.697.389	34.723.586	33.779.635	33.479.438	32.647.416	34.314.620	34.462.250

Contratos de xestión do servizo regular de viaxeiros nacional por estrada que transcorren por Galicia

Código	Denominación do contrato
VAC-046	Irún - Tui con hijuelas
VAC-127	Madrid - Salamanca - Vigo con hijuelas
VAC-159	Santiago de Compostela - Gijón - Irún - Barcelona
VAC-206	Ferrol - Algeciras
VAC-219	Vigo - Irún e Barcelona

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Ano 2019

A principal vantaxe do transporte público interurbano de viaxeiros por estrada é que garante a mobilidade sustentable de todos os segmentos de poboación (mocidade, persoas que non conducen, persoas maiores, etc.).

A nivel autonómico, o transporte interurbano é todo aquel transporte de viaxeiros que discorre integramente por solo urbano, definido pola lexislación urbanística, así como o que estea exclusivamente dedicado a comunicar entre si núcleos urbanos diferentes situados dentro de distintos termos municipais.

O transporte interurbano por estrada é un tipo de transporte que pode ser regular ou discrecional, considérase servizo público de interese xeral e en Galicia óptase polo modelo de concesión administrativa temporal en exclusiva. O transporte interurbano regular en autobús ten a consideración de servizo público de interese xeral e préstase mediante a atribución a un operador dun contrato de xestión a través dun concurso público.

É o que menos contaminación xera para a atmosfera: un autobús substitúe entre 14 e 30 vehículos particulares, e as emisións de CO₂ por viaxeiro dun autobús son 6 veces menores que as dun coche. O bus é 3 veces máis eficiente que o vehículo privado en termos de litros de combustible por viaxeiro/quilómetro transportado.

O transporte público é unha parte esencial das cidades de Galicia, e en particular, de municipios con poboación superior aos 20.000 habitantes.



A medida que a conxestión do tráfico segue a crecer nas zonas urbanas, cada vez son máis as cidades que se deron conta de que se debe dar prioridade ao investimento nos modos de transporte público en lugar do vehículo privado.

PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

O obxectivo da Xunta de Galicia coa implantación do PTPG (Plan de Transporte Público de Galicia) foi a reordenación da oferta para dar cabida a concesións máis atractivas coa introdución, entre outras actuacións, de novas fórmulas de servizos como o autobús compartido ou baixo demanda, realizando unha cobertura territorial os 365 días do ano.

Desde 2016 ata 2021, a Xunta de Galicia, puxo en marcha a renovación de toda a rede do transporte público por estrada en varias fases, estruturadas por provincias e axustando a oferta ás características da demanda e ás particularidades da cobertura territorial que require a xeografía galega.

Actualmente a comunidade autónoma de Galicia vertebra en todo o seu territorio un total de **127 concesións de transporte público interurbano**.

En Galicia existen un total de **3.500 liñas** que operan ao longo de todo o territorio galego, das cales **2.209 son integradas** e utilízanse como transporte compartido entre escolares e persoas usuarias de carácter xeral maximizando desprazamentos en zonas de baixa demanda nas que, doutra forma, sería inviable o establecemento dun servizo de carácter regular.

Tipos de servizos definidos no PTPG



Para integrar as necesidades de mobilidade da sociedade galega coas diversas tipoloxías de desprazamentos que existen, o deseño do PTPG introduciu dúas novas modalidades de servizos: os servizos integrados ou compartidos e os servizos baixo demanda.



2.209

Liñas integradas



3.500

Liñas totais

A evolución da oferta de servizos totais de transporte público desde 2016 ata 2021, duplicou, como mínimo, o número de liñas dispoñibles para as persoas usuarias en comparación á oferta existente cando comezaron as actuacións previas á posta en marcha o PTPG.

A oferta de servizos de transporte público incrementouse proporcionalmente a medida que se executou a implantación do PTPG, ata alcanzar os máis de 2,3 millóns de servizos ao ano, os cales efectúanse por medio de máis de 3.000 liñas dando servizo a máis de 50.000 paradas.

Trátase, polo tanto, **dunha cobertura moi boa** da rede de transporte público de Galicia tendo en conta o tamaño da comunidade e da dispersión das zonas máis rurais do territorio.

A implantación do PTPG potenciou a rede de transporte existente, ademais de combinar cos servizos escolares, o que permitiu que a rede dispoñible para todos os galegos se incrementase. Actualmente, alcanzáronse un total de **57,3 millóns de veh-km cun total de 2,3 millóns de servizos anuais**, sendo A Coruña e Pontevedra, as que posúen un maior número veh-km ao ano pertencentes ao transporte público, mentres que Lugo e Ourense ven reducidos o número de veh-km debido ao carácter máis rural destas provincias.

Na seguinte táboa, pódense observar os servizos actuais ao ano de transporte público por estrada de Galicia desde o ano 2016.



Evolución da oferta anual do transporte público por estrada de Galicia

Ano	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Veh-Km	Servicios	Veh-Km	Servicios	Veh-Km	Servicios	Veh-Km	Servicios	Veh-Km	Servicios
2016	37.513.060	1.189.248	22.826.381	686.871	3.309.967	72.639	4.061.885	131.194	7.314.827	298.545
2017	41.136.588	1.376.642	23.060.008	711.783	3.484.176	76.462	6.810.674	270.796	7.781.730	317.601
2018	43.017.041	1.390.547	24.114.137	718.973	3.643.446	77.234	7.122.006	273.531	8.137.452	320.809
2019	45.167.893	1.460.074	25.319.844	754.922	3.825.618	81.096	7.478.106	287.208	8.544.325	336.849
2020	54.871.430	2.217.044	25.987.184	1.027.468	8.362.728	239.221	7.936.762	299.976	12.584.756	650.379
2021	57.344.032	2.343.135	28.262.256	1.126.395	8.854.404	249.645	7.817.960	295.363	12.409.411	671.732

Fonte: Elaboración propia


Pódese observar como desde o ano 2016, en Galicia incrementáronse un 51,48% os veh-km ao ano, así como un 93,96% os servizos anuais. Estes incrementos de servizo son en grande parte pola tipoloxía de servizos que foron postos en marcha en Galicia, o transporte compartido e o transporte baixo demanda, así como toda a integración do transporte escolar nas novas concesións.

Evolución da oferta anual por provincia, do transporte público por estrada de Galicia



Fonte: Elaboración propia


Número de servizos por provincia do transporte público interurbano de Galicia



En canto á súa tipoloxía, segundo o número de vehículos-quilómetro, o maior grupo de rutas son as comarcais metropolitanas, xa que en Galicia hai un total de 5 áreas de transporte metropolitano (Lugo, A Coruña, Santiago, Ferrol e Vigo). Nestas rutas tamén están incluídas as liñas de interese municipal (SIMUS),

que se corresponden coas urbanas, que serían as de Teo, Cambre e Arteixo entre outras. O segundo grupo é o das comarcais rurais ou escolares como é lóxico por tratarse de transporte compartido na maioría dos casos.

Vehículos-quilómetros segundo tipoloxía de ruta do transporte público interurbano de Galicia




Fonte: Elaboración propia

En Galicia, actualmente existen un total de 3.497 rutas de transporte público interurbano. A diferenza de número de liñas con número de rutas débese a que unha liña pode estar formada por diversas rutas.

En relación coa **rede de paradas** de transporte público por estrada de Galicia, actualmente existen un total de 33.773 puntos de parada agrupados en 24.680 paradas físicas aprobadas por a Dirección Xeral de Mobilidade da

Xunta de Galicia en todo o territorio galego, das cales 20.361 están a ser utilizadas hoxe en día polas diferentes liñas (11.604 como paradas integradas e 8.757 non integradas).

Paradas físicas existentes en cada provincia de Galicia




Fonte: Elaboración propia

Pódese observar que hai moitas máis paradas na provincia da Coruña e Pontevedra que en Lugo e Ourense. Isto é debido á poboación existente en cada provincia.

Na provincia da Coruña existen un total de 6.769 paradas físicas, en Lugo 4.496, en Pontevedra 5.382 paradas e en Ourense 3.714 paradas sendo a provincia que menos ten na actualidade. Cabe destacar que os 313 municipios do territorio galego teñen polo menos unha parada de transporte público.

Transporte público de Galicia





A localización das paradas de transporte é transcendental, xa que sería recomendable que a maior parte da poboación de Galicia teña unha parada de transporte a pouca distancia para captar demanda potencial con respecto doutros modos de transporte.

Para iso elaboráronse un buffer de distancia a 500 metros das paradas das liñas, e á súa vez, cruzáronse coa información de poboación por sección censual de 2020 a cal foi asignada ao catastro urbano de tipo residencial proporcionalmente ao número de vivendas existente en cada parcela.

Optouse por unha distancia de 500 metros por ser liñas interurbanas. Se fosen liñas de bus urbanas, optárase por unha distancia de cobertura menor.

Desta maneira, a comunidade de Galicia ao ser un espazo amplo e existir abundantes zonas sen poboamento ou con poboamento disperso, púidose obter unha distribución da poboación máis detallada que permite obter resultados máis exactos en canto á poboación cuberta.


Ter unha parada a pouca distancia da vivenda é unha vantaxe para conseguir a mobilidade sustentable no territorio galego. A partir da información de paradas que dan servizo a Galicia, obtívose a cobertura de poboación do sistema de transporte á comunidade.

Cobertura de poboación por provincias coas paradas da rede de transporte público de Galicia

Provincia	Poboación 2020	Cobertura de poboación (500 m.)	(%) Cobertura
A Coruña	1.130.169	1.027.675	90,9%
Lugo	327.975	280.449	85,5%
Ourense	306.710	291.270	95,0%
Pontevedra	944.988	850.000	89,9%

Fonte: Elaboración propia

Cobertura de poboación da rede de paradas de transporte de Galicia



Fonte: Dirección Xeral de Mobilidade. Xunta de Galicia

A cobertura dos servizos de transporte público de Galicia é moi boa, tendo en conta o tamaño da comunidade e da dispersión das zonas máis rurais do territorio.

SERVIZOS DE TRANSPORTE INTEGRADOS: FLEXIBILIDADE HORARIA E RUTAS OPTIMIZADAS

Un dos obxectivos do PTPG é que ningún estudante quede sen transporte público para dirixirse ao seu centro escolar coa modalidade do bus compartido en Galicia.

O primeiro proceso de integración das persoas usuarias na modalidade de "servizos de transporte integrados ou compartidos", que se define como unha oferta mixta de escolares e usuarios/as de servizos xerais, produciuse no ano 2017 coa posta en marcha das accións de transición entre as antigas concesións e as actuais que conforman o PTPG.

Ademais, os servizos integrados ou compartidos pódense dividir en servizos fixos (FIX) ou servizos baixo demanda (DDA), información relevante para observar a evolución da oferta de servizos durante este período de tempo.

SERVIZOS DE TRANSPORTE BAIXO DEMANDA: MELLORAR A CONEXIÓN DO RURAL EN GALICIA

O alto nivel de dispersión e avellentamento da poboación galega son factores determinantes na planificación dun mapa adaptado ás necesidades cambiantes do transporte público. Por este motivo, e co obxectivo de lograr que toda a poboación teña acceso aos servizos de transporte público, artellouse un servizo a medida, denominado como "baixo demanda", especialmente concibido para mellorar a conexión do rural coas grandes urbes.

Configúrase como outra das modalidades creadas por o PTPG para liquidar un dos principais retos da mobilidade en Galicia: atender ás persoas usuarias que requiren desprazamentos individuais e sen frecuencia fixa, especialmente naquelas zonas do rural menos conectadas, perseguindo que ninguén quede sen servizo de transporte, e evitando a circulación de autobuses baleiros ou con moitas prazas dispoñibles.

Galicia dispón actualmente de 2.209 liñas de transporte compartido que prestan servizo a escolares en todo o territorio, ademais de usuarios/as xerais. En cada provincia galega existen como mínimo 400 liñas desta modalidade.

En xuño de 2021 realizáronse máis de 250.000 desprazamentos de escolares en transporte integrado ou compartido nas provincias da Coruña e Pontevedra. Nas provincias de Lugo e Ourense, realizáronse máis de 150.000 desprazamentos.

Entre as novidades que inclúe o servizo de transporte compartido está a posibilidade de adecuar a frota de vehículos segundo a demanda das rutas escolares que atende, permitindo desta forma, empregar unidades máis pequenas, xerar menos contaminación e configurar traxectos de rutas difíciles con vehículos máis pequenos.

Este é un servizo personalizado co que as persoas usuarias planifican os seus desprazamentos, evitando así maiores emisións de gases contaminantes ao aforrar, entre outras cousas, o combustible innecesario.

As melloras tecnolóxicas previstas nas liñas estratéxicas do PTPG, permitirán introducir progresivamente novas funcionalidades tales como ofrecer información para planificar viaxes conectadas coa capital da provincia, e tamén facer reservas de maneira sinxela e automática desde dispositivos móbiles.

As novas funcionalidades tecnolóxicas son unha oportunidade para promover un modelo de mobilidade sostible para Galicia, no que se reducen e planifican os desprazamentos e promóvense novos hábitos de mobilidade.



TRANSPORTE FERROVIARIO

A identificación da oferta de servizos ferroviarios existentes na comunidade galega que se realiza a continuación baséase en estatísticas de operacións recompiladas desde Renfe operadora.

Na actualidade os servizos comerciais son explotados por un único operador, Renfe.

Dado que na actualidade os servizos comerciais son explotados por un único operador, utilizáronse denominacións de corredores e produtos comerciais proporcionadas por Renfe Viaxeiros.

Principais corredores de servizos ferroviarios comerciais en Galicia

Traxectos longa distancia convencionais

Galicia - País Vasco
Madrid - Galicia
Madrid - León - Vigo
Vigo - Oporto
Barcelona - Asturias - Galicia
Barcelona - Galicia

Traxectos media distancia convencional

A Coruña - Ferrol
A Coruña - Lugo - Monforte
A Coruña - Santiago de Compostela - Ourense
A Coruña - Santiago de Compostela - Pontevedra - Vigo
A Coruña - Santiago de Compostela - Vigo Urzaiz
Vigo - Ourense - Ponferrada
Vigo - Tui

Traxectos media distancia Avant

Ourense - Santiago de Compostela - A Coruña

O tipo de servizos ferroviarios dispoñibles en Galicia

Corredores

Divisións realizadas, coincidentes con áreas xeográficas ás que se asignan distintas relacións ou traxectos. Galicia tería servizos de Longa Distancia Convencional no Corredor Norte e Corredores Transversais.

Produtos

Longa distancia convencional

Alvia
Servizo que combina o paso por tramos de AV/AV e tramos convencionais.

Media distancia convencional

Avant
Son trens de Media distancia que cobren servizos nas liñas de Alta Velocidade.

Rexional Exprés
Son servizos cun menor número de paradas que o rexional (máximo 3 paradas cada 100 km), o cal redonda nunha velocidade comercial maior e, polo tanto, nuns tempos de viaxe sensiblemente máis reducidos que no caso dos trens de tipo rexional, ademais dunha maior comodidade para o viaxeiro.

Rexional
Son servizos que efectúan paradas en todas ou case todas as estacións e apeadeiros do traxecto efectuado.

Proximidades

Renfe Feve
É unha división comercial de Renfe que ofrece distintos servizos de transporte de pasaxeiros, tanto rexionais como de proximidade en Galicia, ademais de Asturias, País Vasco, Castela e León e Rexión de Murcia.

Principais relacións externas no modo ferroviario de Galicia

Ruta	Circulacións semanais	Ruta	Circulacións semanais
A Coruña - Madrid	42	Madrid - A Coruña	51
A Coruña - Barcelona	19	Barcelona - A Coruña	19
A Coruña - León	14	León - A Coruña	20
Vigo - Madrid	27	Madrid - Vigo	30
Vigo - Barcelona	7	Barcelona - Vigo	7
Vigo - León	10	León - Vigo	10
Ourense - Madrid	56	Madrid - Ourense	61
Ourense - Barcelona	26	Barcelona - Ourense	35
Ourense - León	14	León - Ourense	20
Vigo - Valença do Minho (Portugal)	7	Valença do Minho (Portugal) - Vigo	7
Monforte - Bilbao	12	Bilbao - Monforte	7
Total	234	Total	267

Principais relacións internas no modo ferroviario de Galicia

Ruta	Circulacións semanais	Ruta	Circulacións semanais
A Coruña - Vigo	98	Vigo - A Coruña	98
A Coruña - Monforte de Lemos	35	Monforte de Lemos - A Coruña	28
A Coruña - Ferrol	26	Ferrol - A Coruña	26
A Coruña - Lugo	21	Lugo - A Coruña	21
A Coruña - Santiago	161	Santiago - A Coruña	157
Santiago de Compostela - Ourense	79	Ourense - Santiago de Compostela	71
Santiago de Compostela - Vigo	98	Vigo - Santiago de Compostela	98
Vigo - Ourense	73	Ourense - Vigo	60
Ourense - Monforte de Lemos	49	Monforte de Lemos - Vigo	49
Ourense - Lugo	28	Lugo - Ourense	28
Total	675	Total	643

Fonte: Elaboración propia mediante datos de RENFE. Ano 2019

Fonte: Elaboración propia mediante datos de RENFE

Na análise das conexións ferroviarias de Galicia co resto da Península, obsérvase a importancia da estación de Ourense, situada como a principal conexión, no modo ferroviario, con Madrid, Barcelona e León.

Tamén hai que destacar a importante conexión existente entre Galicia con Madrid que, coa chegada da alta velocidade postúlase como o principal modo de transporte a utilizar polos usuarios para esta ruta, captando gran parte do tráfico de viaxeiros que utilizan o avión actualmente para este traxecto.

En relación coas conexións exteriores, Galicia e Portugal están a recuperar as comunicacións ferroviarias, entre Comboios de Portugal e Renfe a través do "Tren Celta" que une Vigo e O Porto, con conexión a través da estación de Valença do Minho, cunha frecuencia diaria en horario de mañá.

TRANSPORTE AÉREO

A caracterización da oferta de servizos aéreos existentes na comunidade galega baséase en estatísticas de operacións publicadas por AENA.

Para as diferentes análises realizadas tomáronse os datos de 2019, último ano completo sen efectos producidos pola pandemia.


En 2019 realizáronse 51.125 operacións nos aeroportos galegos, o que supón un 2% do total nacional.

De momento o eixo internacional non conta con alimentación eléctrica en toda a vía, existente no tramo Valença do Minho O Porto, algo que unha vez finalizado logrará reducir o tempo de viaxe empregada entre Vigo e O Porto de 3 horas a 90 minutos, polo que resultaría competitivo co transporte por estrada.

Tal e como sucedeu no resto de España a ás veces febril aposta pola alta velocidade descoidou a rede convencional, reproducindo en Galicia o modelo ferroviario a dúas velocidades, cun cru contraste entre os servizos de altas prestacións e os que se prestan nas liñas máis rurais, por exemplo, a de ancho métrico que antes xestionaba Feve.

O de Santiago de Compostela é o aeroporto galego con maior número de operacións cunha porcentaxe dun 44%. O 80% das operacións son comerciais e o 74% son de carácter regular. Existe unha repartición equitativa entre saídas e chegadas. O 86% das operacións son nacionais, onde destacan as relacións con Madrid e Barcelona, que representan respectivamente o 37% e o 14% das operacións nacionais. Entre o resto destacan as relacións con Bilbao, Palma de Mallorca, Valencia, Sevilla e Gran Canaria con máis de 1.000 operacións anuais en cada caso.

Distribución operacións aéreas de Galicia por aeroportos




Fonte: Estatísticas de tráfico aéreo de AENA. Ano 2019

Canto á evolución mensual apréciase un efecto estacional que se reflicte nun maior número de operacións no período xullo – setembro, acadando o máxi-

mo no mes de xullo, e menor actividade de decembro a marzo, sendo febreiro o mes de menor actividade.

Evolución mensual do número de operacións aéreas de Galicia




Fonte: Estatísticas de tráfico aéreo de AENA. Ano 2019

Co obxectivo de cuantificar o impacto da pandemia no número de operacións comparáronse os datos anuais dos anos 2019 e 2020, obténdose un descenso

do 45,7% en Galicia, por debaixo da media nacional, provocado por un menor descenso das operacións en todos os aeroportos, en especial no da Coruña.

Comparativa no número de operacións entre os anos 2019 e 2020



Fonte: Estatísticas de tráfico aéreo de AENA

DESTINOS SERVIDOS POR CADA AEROPORTO

Duns anos a esta parte, os aeroportos de Galicia experimentaron un cambio en relación coa oferta de servizos de transporte aéreo, observando unha transición dun servizo dominado polas antigas compañías de bandeira (Iberia, Spanair, Aviaco,...) cara a novas compañías de baixo custo, grazas á liberalización do tráfico aéreo. O modelo de negocio destas compañías é moi diferente e está orientado á conexión punto a punto máis que á xestión dunha rede global de rutas de transporte.

Doutra banda, hai que destacar, con respecto a Galicia que, segundo datos de 2019, unicamente o aeroporto de Santiago de Compostela ten conexións internacionais, mentres que en Alvedro e Peinador só operan voos con destinos nacionais. Algo a resaltar, xa que a chegada inminente da Alta Velocidade a Galicia pode supor un forte impacto, principalmente nos voos con Madrid, que son os máis numerosos nos tres aeroportos de Galicia e os principais nos aeroportos da Coruña e Vigo.

TRANSPORTE MARÍTIMO

O transporte marítimo entre portos da Comunidade Autónoma de Galicia fundamentalmente ten relevancia na ría de Vigo, onde xa se atopa integrado no sistema xeral de transportes e que se deriva do establecemento da área de Transporte Metropolitano de Vigo.

Ademais, estes servizos desenvólvense en réxime de libre prestación, tal e como se indica no Regulamento (CEE) 3577/92 do 7 de decembro de 1992, polo que se aplica o principio de libre prestación de servizos aos transportes marítimos dentro dos Estados membro, o que se coñece como cabotaxe marítima.

Servizos interurbanos de transporte que se realizan por transporte marítimo.

Servizos interurbanos de transporte que se realizan por transporte marítimo



Mentres que os dous últimos teñen un carácter eminentemente turístico, entre 4 e 20 expedicións diarias, en función do tamaño dos concellos conectados, os servizos entre Cangas e Moaña e a cidade de Vigo, teñen un servizo asimilable ao dun autobús metropolitano, con saídas, por exemplo, desde Cangas cada 20 minutos en hora punta e cada 30 minutos o resto do día laborable e unha expedición á hora por sentido os fins de semana e festivos.

Ademais, os usuarios destes servizos poden acollerse ás bonificacións que lles corresponden por estar integrados na área de Transporte Metropolitano

de Vigo, co uso da Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG), e tamén á gratuidade dos desprazamentos para os menores de 21 anos, co emprego da tarxeta Xente Nova.

Para levar a cabo a caracterización da oferta de servizos marítimos existentes na comunidade galega que se realiza a continuación analízanse as estatísticas das operacións realizadas polas navieiras encargadas de realizar o transporte regular de viaxeiros.

Operacións realizadas por liñas de transporte marítimo

Liña	Expedición
Moaña - Vigo	9.360
Santiago	40,1%	3,5%	18,6%	2,8%	10,9%	18,6%	3,1%	2,4%
Pontevedra	46,1%	4,2%	13,8%	2,3%	15,2%	15,0%	1,4%	1,9%
Lugo	46,6%	4,8%	12,5%	2,1%	12,9%	15,2%	3,3%	2,5%
Ferrol	42,6%	3,1%	14,3%	2,2%	15,3%	19,7%	2,0%	0,8%

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2011. Instituto Estatístico Nacional (INE)

PERSPECTIVA DE XÉNERO DA MOBILIDADE ACTUAL EN GALICIA

Nas análises de mobilidade e transporte cítase especificamente "a importancia do xénero no estudo dos patróns de mobilidade das persoas, de coñecer os motivos que dan lugar aos diferentes comportamentos de homes e mulleres fronte aos seus desprazamentos e, sobre todo, na necesidade de telo en conta á hora de deseñar políticas de implantación e xestión de plans mobilidade sustentable" (Olmo, 2015).

Os datos obtidos para todos os medios de transporte confirman que as dinámicas de mobilidade galegas seguen os patróns habituais de repartición modal e motivos para homes e mulleres. Así, elas realizan máis viaxes "domésticas" que os homes na súa mesma situación, implicando, ademais, estas "cargas domésticas" un aumento das fendas de xénero.

Analizando as viaxes realizadas exclusivamente por traballo ou asuntos relacionados co traballo, obsérvase que as mulleres realizan menos viaxes con modos de transportes considerados "máis autónomos".

Considerando as opcións de transporte público de moitas cidades, conducir un coche ou moto, ou poder andar en bicicleta, permiten adecuarse mellor aos horarios e compromisos. Con todo, debido a factores familiares, sociais e económicos, as mulleres camiñan máis, usan en maior medida o transporte público ou desempeñan o papel de acompañante nos vehículos motorizados particulares.


Os modos a pé e de transporte público son medios de transporte máis sostibles, aínda que esta repartición modal pode non ser unha elección e si unha obriga. A Lei de ordenación do territorio de Galicia (Lei 1/2021) inclúe como un dos seus obxectivos fundamentais en materia de ordenación do territorio mellorar a calidade de vida e procurar o máximo benestar da poboación, facilitándolle a accesibilidade ás infraestruturas e equipamentos de toda índole, tendo en conta a dispersión xeográfica e os seus

efectos sobre a cidadanía e, especialmente, na vida das mulleres, coa finalidade de evitar as discriminacións que se produzan por razón do xénero e garantir a igualdade entre mulleres e homes.

O IGE – Instituto Galego de Estatística, no seu apartado de estatísticas de xénero, ten como obxectivo representar a realidade das mulleres galegas con base en varias variables e comparar a súa situación coa dos homes, primando a exhaustividade e a información numérica. Así, a través dunha serie de indicadores de xénero recompílanse unha serie de táboas onde se recollen as principais cifras e resultados, diferenciados por sexo, referidos a varios terreos (mundo laboral, sistema educativo, etc.).


Se se analizan os modos de transporte máis utilizados por ocupados e estudantes segundo a perspectiva de xénero, obsérvase que, no caso dos traballadores, os homes utilizan un 13 % máis o transporte privado que as mulleres para desprazarse desde a vivenda ao centro de traballo, mentres que as mulleres utilizan preto dun 9% máis os modos non motorizados que os homes e algo máis do 3% o transporte público. No caso dos estudantes galegos, o transporte privado é utilizado para desprazarse ao centro de estudos pola mesma porcentaxe de homes e mulleres, o transporte público un 3% máis polas mulleres e os modos non motorizados un 2% máis os homes, non existindo grandes diferenzas no modo elixido para desprazarse polos estudantes, sendo moito máis patente a diferenza no modo de desprazarse ao traballo entre homes e mulleres.

Ocupados segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan até o centro de traballo desagregados por sexo



Fonte: Enquisa estrutural a fogares 2015. Instituto Galego de Estatística

Estudantes segundo o medio de transporte utilizado desde a vivenda da que se desprazan até o centro de estudos desagregados por sexo



Fonte: Enquisa estrutural a fogares 2015. Instituto Galego de Estatística



2.9.2 Análise de mobilidade global en Galicia

Os traballos de análise que se realizaron para trazar a Estratexia permitiron ter unha visión global dos desprazamentos en Galicia. Para realizar este estudo elaboráronse matrices de desprazamentos creadas a partir de millóns de datos de telefonía móbil de desprazamentos durante días tipos definidos nos traballos.

É importante destacar que, durante o proceso, os datos se anonimizan para que en ningún caso permitan identificar unha persoa física.

Estas matrices de desprazamentos foron analizadas en diferentes escalas de mobilidade, relacións co exterior de Galicia, a nivel macrozona, provincial e municipal, onde se comprobaban as principais relacións de tráfico entre concellos de orixe e, ademais, cales teñen un maior número de relacións, de forma que se poden establecer zonas diferenciadas e definir unha relación conxunta coas estruturas zonais identificadas para o estudo.


A partir dos datos dun operador de rede traballados cunha tecnoloxía de "aprendizaxe automática" obtéñense as matrices de viaxes entre orixes e destinos definidos na zonificación do modelo.

En particular, o estudo realizado baséase en información dos eventos rexistrados pola rede móbil, que poden ser xerados por actuación do usuario, por exemplo, ao realizar unha chamada, ou de forma autónoma para tarefas de supervisión e control pola propia rede.


Os datos de eventos de millóns de dispositivos móbiles son, nun primeiro lugar, filtrados e testados para asegurar que a información proporcionada polo operador sexa relevante e coherente.

As comunicacións rexistradas pola rede móbil están asociadas ás posicións das antenas da rede, polo que non permiten obter unha rastrexabilidade continua dos desprazamentos, senón a saltos entre antenas. Por este motivo, reconstrúense os datos seguindo a hipótese de que a actividade humana responde ao principio de máxima entropía, moi aplicado en estudos de mobilidade.

Estrutura do procesamento de datos para análises da mobilidade en Galicia



Exemplo de viaxes de persoas baseados en datos das antenas (esquerda) e tras ser reconstruídos sobre a infraestrutura de estradas (dereita)



Unha vez completada a secuencia temporal de eventos por usuario, agrúpanse as seguintes subsecuencias de eventos en función das súas características cinemáticas, e identifícanse como tipos de desprazamentos para o estudo:

- **Traxectos.** Se percorreu polo menos 5 km na última hora. Este filtro asegura que o dito desprazamento foi realizado cun vehículo de motor.
- **Microtraxectos.** Se se produciu un desprazamento, pero inferior á condición do punto anterior.
- **Macrotraxectos.** É unha secuencia de traxectos e microtraxectos que tiveron lugar nun intervalo de tempo entre eles menor que a duración dos seus compoñentes. Esta definición permite englobar viaxes de longa distancia que tivesen paradas ou viaxes multimodais con intercambiadores.
- **Estancias.** Se non hai desprazamento.

Finalmente expándese a mostra á poboación total a partir dos datos sociodemográficos de poboación, de modo que se obteñan as matrices de viaxes realizadas entre máis de 600.000 relacións orixes e destino.

Como innovación importante dese traballo é o emprego de algoritmos de segmentación para a distribución das viaxes por modos de transporte.

A cada viaxe asígnaselle unha probabilidade de corresponder ao modo avión que depende da velocidade entre cada par de eventos consecutivos constituíntes de viaxe e que teña eventos en ambos os ae-

roportos, así como a súa compatibilidade coas horas de saída e chegada dos voos do día. Despois calíbrase a partir dos datos do número de viaxeiros.

Para inferir a probabilidade de que unha viaxe corresponda ao modo ferrocarril, utilízase o mapa de infraestrutura para caracterizar cada viaxe segundo o número de eventos compatibles en celas de rede ferroviaria e compatibles cos horarios de ferrocarril. Finalmente axústanse a partir dos datos de billeteaxe.

Para estimar fluxos de tráfico por estrada asóciase a cada viaxe unha probabilidade de corresponder a un vehículo que se despraza por estrada, en función das localizacións e tempos dos eventos que constitúen a viaxe. Discrimínase entre se a viaxe corresponde a un vehículo lixeiro ou pesado considerando, ademais do anterior, a compatibilidade cinemática das súas velocidades, as estatísticas de volumes de vehículos lixeiros e pesados en puntos de control a partir dos datos de aforos, e os datos do Proxy dos dispositivos de monitorización tipicamente asociados aos vehículos pesados.

Os autobuses utilizan as mesmas vías que os vehículos privados e a súa asignación está suxeita a maior incerteza que no caso de viaxes en ferrocarril. Para clasificar a viaxe en autobús compáranse os eventos cos horarios e traxectorias dos servizos das liñas de autobús e calíbranse cos datos de billeteaxe.

Segundo a metodoloxía anterior, elaboráronse as matrices de 4 días tipo coas viaxes medias deses períodos que representan. Para o día de inverno considéranse os días do 1 ao 31 de outubro de 2019, para verán, os días 1 ao 31 de agosto:



Viaxes totais e repartición modal segundo día tipo

	Viaxes totais	Lixeiro	Pesado	Bus	Tren	Avión
Laborable inverno	5.253.017	90,2%	7,4%	1,8%	0,3%	0,3%
Non laborable inverno	4.838.824	91,2%	7,6%	0,7%	0,3%	0,3%
Laborable verán	6.840.188	90,9%	7,7%	1,0%	0,2%	0,2%
Non laborable verán	6.659.831	91,3%	7,8%	0,5%	0,2%	0,2%

Nos días laborables prodúcense máis desprazamentos que nos non laborables debido en certa maneira aos desprazamentos relacionados coa actividade laboral. Esta diferenza é maior nos meses de inverno que nos de verán, producíndose no inverno un 8% máis de desprazamentos en día laborable fronte ao case 3% máis que se produce no verán.


En canto á estacionalidade, obsérvase un aumento dos desprazamentos no verán do 30% en día laborable e do 38% en día non laborable, o que reflicte o maior número de desprazamentos por motivo vacacional que se realizan en tempada estival.

En canto á repartición modal hai un claro predominio do coche, con máis do 90% de cota modal, con pequenas fluctuacións respecto aos diferentes días tipo considerados, observando que nos días laborables o uso do coche é entre un 0,4-1,0% menor que en día non laborable e un 0,7% maior en laborable verán que en laborable inverno.

En canto á distribución espacial das viaxes totais diarias para os días tipo sinalados, obsérvase que a maioría dos desprazamentos son internos a Galicia, representando máis do 95% do total de desprazamentos diarios.

Na época estival para días non laborables obsérvase a maior porcentaxe de desprazamentos co exterior, o que pon de manifesto que as viaxes co exterior non están relacionadas con motivos laborais.

Proporción de viaxes diarias internos e externos a Galicia



MOBILIDADE DE GALICIA CO EXTERIOR: RESTO DE ESPAÑA E PORTUGAL

En primeiro lugar, analízanse as relacións de Galicia con Portugal.

Viaxes totais de Galicia con Portugal e repartición modal global segundo día tipo



	Viaxes totais	Lixeiro	Pesado	Bus	Tren
Laborable inverno	30.952	89,1%	8,7%	1,6%	0,5%
Non laborable inverno	27.573	89,0%	8,6%	1,6%	0,8%
Laborable verán	42.023	88,7%	8,8%	1,7%	0,9%
Non laborable verán	37.339	88,5%	8,7%	1,7%	1,1%

En xeral, os desprazamentos con Portugal supoñen tan só un 0,6% das viaxes totais que se realizan en Galicia, aumentando no verán un 35% respecto

aos realizados no inverno e diminuíndo un 11% os desprazamentos en non laborables tanto no verán como no inverno.

Viaxes totais das provincias galegas con Portugal segundo día tipo

PROVINCIAS	Laborable inverno	%	Non laborable inverno	%	Laborable verán	%	Non laborable verán	%
A Coruña	437	1,4%	683	2,5%	949	2,3%	963	2,6%
Lugo	71	0,2%	80	0,3%	143	0,3%	142	0,4%
Ourense	7.470	24,1%	6.738	24,4%	10.346	24,6%	9.223	24,7%
Pontevedra	22.974	74,2%	20.072	72,8%	30.584	72,8%	27.012	72,3%
Total	30.952	100,0%	27.573	100,0%	42.023	100,0%	37.339	100,0%

Analizando as provincias galegas que máis relación teñen con Portugal, obsérvase que é a provincia de Pontevedra a que ten maior relación, concentrando máis do 70% dos desprazamentos con Portugal, sendo Lugo a provincia que menor relación ten co país luso. Como é lóxico, son as provincias limítrofes con Portugal as de maior relación con el.

En canto aos concellos galegos con máis relación con Portugal, son os municipios de Tui e Vigo, ambos na provincia de Pontevedra, os que maior número de desprazamentos concentran para todos os días tipo considerados. Estes municipios teñen boa conexión con Portugal a través da A-55 (Vigo-fronteira portu-

guesa) e a Autoestrada A-3 (Porto-Valença). En xeral son os concellos situados preto da A-55 os que maior relación teñen con Portugal. En canto aos concellos de Ourense, é Verín o de maior relación con Portugal.

Preto do 70% dos desprazamentos de Galicia co exterior ten lugar coas comunidades autónomas coas que limita, isto é con Castela e León, principalmente coa

provincia de León, e con Asturias. A seguinte comunidade coa que ten máis relación é coa Comunidade de Madrid, principalmente as provincias da Coruña e Pontevedra, onde se atopan todos os aeroportos comerciais de Galicia e que prestan servizos entre Madrid e Galicia.

Principais relacións entre Galicia e o resto de Comunidades Autónomas

Inverno laborable		Inverno non laborable		Verán laborable		Verán non laborable	
CC.AA	%	CC.AA	%	CC.AA	%	CC.AA	%
Castela e León	42,8%	Castela e León	41,4%	Castela e León	40,7%	Castela e León	40,2%
Asturias	25,6%	Asturias	28,8%	Asturias	30,0%	Asturias	29,2%
Madrid	15,8%	Madrid	13,6%	Madrid	13,3%	Madrid	13,3%
Cataluña	3,8%	Cataluña	3,2%	País Vasco	3,1%	País Vasco	3,7%

Viaxes externas con Galicia en día laborable inverno



En canto á repartición modal dos desprazamentos entre Galicia e o resto de España, segue o predomnio claro do coche, os vehículos pesados teñen unha participación maior que no total global, do que se deduce que existe un maior número de desprazamentos de mercadorías por estrada nas relacións co exterior. A porcentaxe do tren é superior nas relacións co exterior que no total global, mentres que o do autobús é algo inferior, o que indica que o tren

é mais utilizado para viaxes de longa distancia que o autobús. A porcentaxe de participación modal do avión é moito maior sobre todo no inverno que no total global, o que indica que o avión se usa máis para a realización de desprazamentos por motivos distintos do lecer/vacacións, posiblemente debido á maior oferta de servizos diarios e ao tempo menor de viaxes que noutros modos de transporte.

Viaxes diarias e repartición modal entre Galicia e o resto de España segundo día tipo

	Viaxes totais	Lixeiro	Pesado	Bus	Tren	Avión
Laborable inverno	134.214	78,2%	8,8%	0,8%	2,3%	10,0%
Non laborable inverno	155.598	81,2%	8,8%	0,6%	1,6%	7,8%
Laborable verán	238.100	82,7%	9,2%	0,6%	1,7%	5,8%
Non laborable verán	276.551	84,5%	9,2%	0,5%	1,3%	4,5%



MOBILIDADE A NIVEL PROVINCIAL

Analízase a mobilidade a nivel provincial en Galicia, distinguindo entre as viaxes interiores ás provincias,

as viaxes entre as provincias e as viaxes das provincias galegas co exterior.

Viaxes totais a nivel provincial en Galicia por día tipo

Relacións	Viaxes totais laborable inverno	%	Viaxes totais non laborable inverno	%	Viaxes totais laborable verán	%	Viaxes totais non laborable verán	%
Internos ás provincias	4.797.420	91,9%	4.280.023	89,0%	6.153.779	90,5%	5.872.071	88,7%
Interprovinciais	290.431	5,6%	375.630	7,8%	408.287	6,0%	473.870	7,1%
Co exterior	134.214	2,6%	155.598	3,2%	238.100	3,5%	276.551	4,2%
Total	5.222.065	100,0%	4.811.251	100,0%	6.798.166	100,0%	6.622.492	100,0%

Como se indicou anteriormente, o maior volume de desprazamentos realízase dentro das propias provincias galegas, representando aproximadamente o 90% dos desprazamentos totais de Galicia.

A Coruña e Pontevedra son as provincias que presentan maior porcentaxe de viaxes internas, con porcentaxes moi similares ambas, isto é lóxico ao seren as provincias de maior poboación.

Lugo e Ourense destacan por ser as provincias con maior porcentaxe de viaxes co exterior se ben se trata das provincias galegas que limitan coas comunidades colindantes de Castela e León e Asturias


Os desprazamentos interprovinciais nas catro provincias son algo maiores en día non laborable que en laborable. Este aumento pode xustificarse por un número maior de desprazamentos de maior distancia por motivo non laboral.

As relacións interprovinciais galegas supoñen só entre o 5,6%-7,8% do total dos desprazamentos que se producen en Galicia. Das relacións entre as distintas provincias galegas, o maior volume de desprazamentos concéntrase entre as provincias da Coruña e Pontevedra, provincias máis poboadas e lindeiras, e os menores volumes, entre A Coruña e Ourense, e Lugo e Pontevedra, provincias diagonais e máis distantes.


As relacións das distintas provincias galegas co exterior representan tan só entre o 2,6%-4,2% do total dos desprazamentos realizados en Galicia, sendo Lugo e Ourense as provincias con maior proporción de viaxes co exterior respecto ao total de viaxes da provincia, ao seren as provincias limítrofes con outras comunidades autónomas. Aínda que, en canto a volume de viaxes co exterior son as provincias de Lugo e A Coruña as que presentan o maior número de desprazamentos co exterior.




Viaxes entre as provincias galegas en día laborable inverno




Viaxes entre as provincias galegas en día non laborable inverno



Viaxes entre as provincias galegas en día laborable verán



Viaxes entre as provincias galegas en día non laborable verán



En todas as provincias galegas o modo máis utilizado para os desprazamentos internos na provincia é o coche, con maior cota modal na provincia de Pontevedra, cun 92% de participación. A participación do autobús é maior nas relacións internas á provincia da Coruña para días laborables de inverno, chegando ao 3%. En xeral a porcentaxe do autobús é algo maior en días laborables que non laborables tanto de inverno como de verán.

Nas relacións entre as distintas provincias galegas predomina o uso do coche sen existir grandes diferenzas segundo o tipo de día, sendo a cota modal do coche algo maior en día non laborable e no verán.

Nas relacións co exterior prima o uso do coche en todas as provincias, sendo algo menor no inverno na Coruña e Pontevedra, nas que a cota modal do avión é maior, ao situárense nestas provincias os aeroportos galegos.

Repartición modal viaxes internas ás provincias galegas por día tipo en día laborable inverno



	Lixeiro	Pesado	Bus	Tren	Avión
A Coruña - A Coruña	89,4%	7,3%	3,02%	0,22%	0,0%
Lugo - Lugo	90,6%	8,8%	0,56%	0,02%	0,0%
Pontevedra - Pontevedra	91,6%	6,8%	1,39%	0,12%	0,0%
Ourense - Ourense	91,2%	8,2%	0,60%	0,02%	0,0%

MOBILIDADE A NIVEL MACROZONAS

A continuación analízase a mobilidade a nivel das 20 macrozonas definidas como ámbito de estudo como zonificación adaptada, distinguindo entre as viaxes interiores ás macrozonas, as viaxes entre as distintas macrozonas e as viaxes das macrozonas co exterior.

A nivel de macrozonas obsérvase que a maior porcentaxe de desprazamentos se dá internamente nas macrozonas e a menor porcentaxe nas viaxes co exterior.


Nos días laborables a porcentaxe de viaxes internas ás macrozonas é entre un 4%-6% superior que en non laborables, variación que se compensa coas viaxes entre macrozonas e co exterior, que nos días non laborables

aumentan nesa proporción. Por tanto, volve poñerse de manifesto que se realizan viaxes de maior distancia en días non laborables que en laborables.

No verán é maior a porcentaxe de viaxes das macrozonas co exterior, mentres que a porcentaxe das viaxes internas ás macrozonas é algo menor en laborable e igual en non laborable. En canto á porcentaxe de viaxes entre macrozonas, en laborable aumenta lixeiramente e en non laborable diminúe case un 1%.

Distribución das viaxes totais a nivel macrozona en Galicia segundo día tipo

Relacións	% Viaxes totais laborable inverno	% Viaxes totais non laborable inverno	% Viaxes totais laborable verán	% Viaxes totais non laborable verán
Internas ás macrozonas	69,4%	63,6%	67,4%	63,6%
Entre macrozonas	28,3%	33,7%	29,6%	32,9%
Macrozonas con o exterior	2,2%	2,7%	3,0%	3,5%



MOBILIDADE A NIVEL MUNICIPAL

Analízase a mobilidade a nivel municipal en Galicia, diferenciando entre as viaxes interiores aos municipios, as viaxes entre municipios pertencentes á mesma provincia, as viaxes cos municipios doutras provincias e as viaxes con municipios externos a Galicia.

Obsérvase que de media ao día ao redor dun terzo das viaxes diarias que se producen en Galicia son internas aos propios municipios, sendo un pouco maiores en día laborable que en non laborable. Máis da metade das viaxes realízanse entre municipios pertencentes á mesma provincia, sendo lixeiramente superiores en día non laborable. En canto ás viaxes con municipios doutras provincias galegas, realízanse máis no verán e en días non laborables, do mesmo xeito que ocorre coas viaxes co exterior.

Distribución espacial viaxes a nivel municipal por provincia e día tipo



A distribución espacial dos desprazamentos varía en función de cada provincia, sendo en Lugo e Pontevedra as provincias onde máis viaxes internas aos municipios se realizan e en Ourense onde menos. En canto ás viaxes entre municipios da mesma provincia, tanto na provincia da Coruña como na de Ourense, representan preto do 60% das viaxes totais, mentres que Lugo é a provincia con menor porcentaxe de desprazamentos entre os seus municipios. As viaxes entre municipios de distintas provincias galegas son algo maiores en días non laborable que en laborable, o que indica que non están relacionadas con mobilidade laboral, senón que máis ven co motivo ocio.




Nas relacións co exterior, tanto Lugo como Ourense son as que presentan maior proporción respecto ao total de desprazamentos, ao ser as provincias que limitan con outras comunidades como se citou anteriormente.

En canto ás variacións segundo día tipo analizado, é nos municipios da provincia de Lugo onde se atopan máis diferenzas, disminuindo en verán as viaxes internas aos municipios e aumentando as viaxes entre municipios da provincia, ao igual que ocorre en día non laborable. Isto amosa que unha parte importante das viaxes internas aos municipios de Lugo serán por mobilidade obrigada.






Viaxes totais por concello en día laborable de inverno

Viaxes totais por concello en día non laborable de inverno



Viaxes totais por concello en día laborable de verán

Viaxes totais por concello en día non laborable de verán



Existen importantes variacións no número de desprazamentos segundo o día tipo considerado, realizándose no inverno en máis do 50% dos municipios galegos menos de 2 viaxes por habitante ao día, mentres que no verán en máis do 70% dos municipios se realizan máis de 2

viaxes por habitante ao día, e en día non laborable en verán no 50% dos municipios realízanse máis de 3 viaxes por habitante e día. Polo que no verán aumenta considerablemente o número de municipios atractores.

Os 10 municipios con máis desprazamentos segundo día tipo


Municipios	Día laborable inverno	Municipios	Día non laborable inverno	Municipios	Día laborable verán	Municipios	Día non laborable verán
Vigo	486.479	Vigo	365.835	Vigo	554.479	Vigo	460.314
A Coruña	348.773	A Coruña	268.892	A Coruña	353.099	A Coruña	282.269
Santiago de Compostela	289.128	Lugo	218.957	Santiago de Compostela	275.814	Santiago de Compostela	212.319
Lugo	257.670	Santiago de Compostela	223.768	Lugo	240.409	Lugo	179.324
Ourense	199.990	Ourense	156.457	Ourense	210.100	Pontevedra	159.497
Pontevedra	156.775	Pontevedra	122.897	Pontevedra	183.524	Ourense	158.566
Oleiros	104.021	Oleiros	86.639	Ferrol	126.027	Sanxenxo	119.307
Ferrol	103.858	Ferrol	82.973	Oleiros	110.596	Ferrol	112.956
Arteixo	101.529	Arteixo	76.753	Sanxenxo	105.902	Oleiros	99.670
Culleredo	90.846	Culleredo	77.242	Arteixo	100.745	Cangas	87.832

Segundo os datos anteriores, as 7 principais cidades galegas son as que concentran o maior volume de desprazamentos, aínda que tamén destaca o municipio de Oleiros, no que no inverno se producen máis desprazamentos que en Ferrol, posiblemente xustificado pola proximidade que ten coa Coruña, coa que realiza preto do 70 % dos desprazamentos. Arteixo, pola súa importancia como polo atractor debido á súa industria e cunha diferenza do 20% de desprazamentos en laborable e non laborable, e Culleredo, onde se sitúa o aeroporto da Coruña. Estes municipios pertencen á coroa metropolitana da Coruña e son dos que maior PIB teñen de Galicia. No verán destacan tamén os municipios de Sanxenxo e Cangas, polo seu forte atractivo turístico.

Analizando o volume de viaxes en función da distancia existente entre os municipios de orixe e de destino, e sen considerar as viaxes internas aos municipios nin as viaxes co exterior a Galicia, obsérvase que máis do 55% dos desprazamentos son de menos de 20 km; o 30%, de entre 20-50 km e ao redor dun 10%, de máis de 50 km.

A distancia media das viaxes realizadas entre distintos municipios en Galicia é de 23,5 km para día laborable de inverno. Esta distancia media aumenta a 24,5 km en día laborable de verán, a 26,3 km en día non laborable de verán e a 27,1 km en día non laborable de inverno. Con isto,ponse de manifesto que os desprazamentos de maior distancia teñen máis relación con motivos non laborais.

Volume de desprazamentos segundo distancia entre municipio de orixe e destino en función do día tipo



Referente á repartición modal, o modo predominante para os desprazamentos internos aos municipios de todas as provincias galegas é o coche, cunha cota modal de ao redor do 91%. Nos desprazamentos entre municipios pertencentes á mesma provincia, a participación do autobús aumenta, alcanzando os valores máis altos para os municipios da provincia da Coruña, chegando ao 4% para día laborable de inverno.

Predomina o uso do coche mesmo naquelas relacións nas que a distancia entre municipio de orixe e destino é menor de 10 km. Isto é comprensible en certa maneira ao non ser posible dotar a rede de transporte público da capilaridade necesaria que permita unir todos os municipios debido á dispersión territorial existente en Galicia. Aínda que o autobús nestas distancias curtas en día laborable ten a maior participación, mentres que para distancias de entre 50-100 km a cota do tren é similar ou algo superior á do autobús, o que pon de manifesto o uso da rede de autobuses interurbana. En distancias de máis de 100 km, o modo público máis utilizado é o tren, alcanzando en día laborable de inverno unha participación do 4,8%, diminuindo esta participación no verán a favor do coche.



ANÁLISE DA MOBILIDADE DAS 7 PRINCIPAIS CIDADES EN GALICIA

Neste punto analízanse as relacións das 7 principais cidades galegas: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol, que, como se viu nos apartados anteriores, son nas que se concentran o maior volume de desprazamentos diarios.

Nos municipios de Lugo e Vigo é onde hai máis desprazamentos internos ao propio municipio, mentres que na Coruña, Ferrol e Pontevedra son onde menor é esta porcentaxe nun día laborable de inverno. Con todo, estas porcentaxes invértense nas relacións con municipios da mesma provincia, sendo Ferrol, A Coruña e Pontevedra os que concentran maior porcentaxe de desprazamentos entre municipios da mesma provincia debido á localización de grandes municipios nas súas coroas metropolitanas e á forte relación que teñen con eles por concentraren importantes centros de actividade económica. Lugo é o menor, o que pode explicarse ao ser un termo municipal moi grande e non existen grandes municipios na súa coroa urbana (non hai cidades dormitorio ao redor de Lugo).

Nas relacións con municipios doutras provincias e co exterior, é Santiago de Compostela o que presenta unha maior porcentaxe, o que pon de manifesto a im-

portante relación que ten co resto de Galicia ao ser a sede administrativa do Goberno e capital de Galicia, concentrando numerosos servizos públicos (principalmente relacionados coa Xunta e a Universidade) co engadido de ter unha posición máis céntrica e estar próximo á provincia de Pontevedra. Santiago posúe un gran atractivo turístico, o que xustifica en certa maneira a súa maior relación co resto de España.

En xeral, os desprazamentos internos nas 7 principais cidades diminúen en días non laborables e aumentan os desprazamentos con outros municipios, xa sexan da mesma provincia ou non. Destaca sobre todo a redución na porcentaxe das viaxes internas de Lugo en días non laborables tanto no verán como no inverno respecto aos días laborables.


De forma xeral non existen grandes diferenzas na distribución dos desprazamentos no verán e no inverno.

Analízanse a continuación as relacións entre as sete principais cidades galegas para cada día tipo.




Non existen relacións importantes entre as 7 cidades principais salvo que se atopen próximas, como ocorre con Vigo e Pontevedra ou A Coruña con Santiago e con Ferrol. Ponse de manifesto que as relacións máis importantes das principais cidades galegas son cos municipios da súa área metropolitana.

Principais relacións das 7 grandes cidades galegas en día laborable inverno




Principais relacións das 7 grandes cidades galegas en día non laborable inverno

Principais relacións das 7 grandes cidades galegas en día laborable verán



Principais relacións das 7 grandes cidades galegas en día non laborable verán



Viaxes/día

- < 10.000
- 10.000 - 20.000
- 20.000 - 30.000
- 30.000 - 40.000
- > 40.000

Nas 7 principais cidades predomina o uso do coche para os desprazamentos diarios en todos os días tipo considerados, presentando as maiores cotas modais os concellos de Vigo e Lugo, e as menores en Santiago e Pontevedra. Hai pequenas variacións entre laborables e non laborables e verán e inverno, sendo a cota do coche algo menor en laborable que en non laborable en todos os concellos, e maior no verán que no inverno.

O modo tren presenta unha maior cota modal en Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Ourense, isto é, co eixo atlántico ferroviario que discorre de norte a sur e comunica 5 das 7 principais cidades. O autobús ten maior participación en Ferrol, Santiago, A Coruña e Pontevedra, chegando a ter unha participación do 6,5% en Ferrol en día laborable de inverno. Esta participación redúcese considerablemente no verán, sobre todo en días non laborables nos que non alcanza o 2% de cota en ningunha das cidades.

Repartición modal nas 7 principais cidades segundo día tipo en día laborable inverno





	Lixeiro	Pesado	Bus	Tren	Avión
Vigo	92,2%	5,6%	1,5%	0,4%	0,2%
A Coruña	87,5%	7,0%	4,4%	0,9%	0,2%
Ourense	90,8%	7,2%	1,2%	0,7%	0,1%
Lugo	91,9%	7,0%	0,9%	0,1%	0,1%
Santiago de Compostela	86,0%	6,6%	4,8%	1,8%	0,8%
Pontevedra	87,9%	7,0%	4,2%	0,8%	0,1%
Ferrol	88,0%	5,3%	6,5%	0,1%	0,1%

Analizando só o volume de desprazamentos entre as 7 principais cidades, sen considerar as viaxes internas dos municipios nin as viaxes co exterior, cabe destacar que representan menos do 3% do total de desprazamentos

de Galicia no inverno, reducíndose a menos do 2% no verán, polo que moitos destes desprazamentos estarán relacionados con temas laborais.



Volume de viaxes entre as 7 principais cidades en día laborable de inverno

Volume de viaxes entre as 7 principais cidades en día non laborable de inverno



Volume de viaxes entre as 7 principais cidades en día laborable de verán

Volume de viaxes entre as 7 principais cidades en día non laborable de verán




CARACTERIZACIÓN DA MOBILIDADE


Os datos de telefonía anonimizados que se empregaron para as matrices de mobilidade de Galicia permiten tamén a caracterización dos desprazamentos segundo sexo, rango de idade e distribución temporal.

Obsérvase que os homes realizan ao redor dun 15% máis de desprazamentos que as mulleres, aínda que non hai grandes diferenzas entre días laborables e non laborables. Este patrón obsérvase en todas as provincias de Galicia.

Distribución das viaxes totais segundo sexo e provincia



Fonte: Instituto Galego de Estatística




Fonte: Instituto Galego de Estatística


En particular, nas 7 principais cidades tamén os homes realizan máis desprazamentos que as mulleres. É en Ferrol e A Coruña onde a diferenza é algo maior, realizando os homes un 18% de desprazamentos máis que as

mulleres. Estas diferenzas atenúanse no verán e en día non laborable, o que é indicativo de que eses desprazamentos estarán vinculados co traballo.

Distribución das viaxes totais segundo sexo nas 7 principais cidades



Fonte: Instituto Galego de Estatística







Fonte: Instituto Galego de Estatística

En xeral, obsérvase en todas as provincias galegas unha repartición moi similar dos desprazamentos segundo rangos de idade, non existindo grandes diferenzas segundo o día tipo considerado. O maior número de desprazamentos son realizados por

persoas de entre 35-49 anos, seguidos dos de 50-64 anos, coincidindo co intervalo de maior concentración de poboación, de 35 a 65 anos, que representa o 45 % da poboación total. O rango de idade que menos desprazamentos concentra é o de 15-24 anos.





Distribución das viaxes totais segundo rango de idade e provincia



A distribución das viaxes por rango de idade nas 7 principais cidades galegas é moi similar en todas elas e co resto de Galicia, sendo o rango de idade

con máis volume de viaxes entre 35-49 anos. Non hai practicamente variación debido á estacionalidade nin entre laborables e non laborables.


Distribución das viaxes totais segundo rango de idade nas 7 principais cidades




A distribución horaria dos desprazamentos nas 7 principais cidades galegas segue os mesmos patróns sinalados anteriormente, con diferenzas entre verán

e inverno nas puntas da mañá en día laborable e entre día laborable e non laborable tanto no verán como no inverno.


Distribución horaria das viaxes totais na cidade de Vigo segundo día tipo




Distribución horaria das viaxes totais na cidade de Ourense segundo día tipo




Distribución horaria das viaxes totais na cidade da Coruña segundo día tipo




Distribución horaria das viaxes totais na cidade de Lugo segundo día tipo




Distribución horaria das viaxes totais na cidade de Santiago de Compostela segundo día tipo



Distribución horaria das viaxes totais na cidade de Ferrol segundo día tipo



Distribución horaria das viaxes totais na cidade de Pontevedra segundo día tipo



2.9.3 Conclusións sobre a mobilidade actual en Galicia

A Estratexia Galega de Mobilidade ten que dar resposta ás necesidades de desprazamento da poboación galega e á localización do seu tecido produtivo, polo que para responder adecuadamente é necesario entender o territorio, as súas características e as súas demandas de mobilidade.

Para iso levouse a cabo unha análise rigorosa sobre a mobilidade global dos galegos. **Desta análise pódese afirmar que máis do 95% dos desprazamentos son internos a Galicia, que máis da metade deles son internos ás provincias e un terzo internos aos municipios.**

Realízanse tamén máis viaxes interprovinciais en día non laborable que en laborable, polo que as viaxes de maior distancia están máis relacionados con motivos distintos do laboral.

Existe unha gran relación entre as viaxes totais dos municipios e a poboación destes, aínda que esta relación non é tan evidente considerando a renda per cápita dos municipios.

As viaxes entre Galicia e Portugal supoñen só un 0,6% dos desprazamentos totais, e son os concellos de Vigo e Tui en Pontevedra os que maior volume de viaxes teñen co país luso, concentrando preto do 30% dos desprazamentos entre Galicia e Portugal.

Dos desprazamentos co exterior a Galicia, o 70% prodúcense coas comunidades de Asturias e Castela e León coas que limita.

As relacións das distintas provincias galegas co exterior representan tan só entre o 22,6%-4,2% do total dos desprazamentos realizados en Galicia, sendo Lugo e Ourense as provincias con maior proporción de viaxes co exterior respecto ao total de viaxes da provincia, ao ser as provincias limítrofes con outras comunidades autónomas. Aínda que, en canto a volume de viaxes co exterior, son as provincias de Lugo e A Coruña as que presentan o maior número de desprazamentos.

O maior volume de desprazamentos concéntranse nas 7 principais cidades galegas: Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, como é lóxico ao ser as máis poboadas. Outra importante cifra de relacións de tráfico en Galicia prodúcese nos municipios de Oleiros, Arteixo e Culleredo, concentrándose nestes concellos máis do 40% do total de desprazamentos que se producen en Galicia nun día medio laborable de inverno.

En verán tamén destacan os municipios de Sanxenxo e Cangas polo seu forte atractivo turístico

As relacións de tráfico interprovinciais galegas supoñen só entre o 5,6%-7,8% do total dos desprazamentos que se producen na comunidade autónoma.

As relacións máis importantes, é dicir, as que concentran maior número de desprazamentos, danse principalmente entre as grandes cidades e os concellos da súa área metropolitana.

As 10 relacións máis importantes danse entre os municipios da Coruña con Oleiros, Arteixo e Culleredo, entre Ferrol e Narón, entre Vigo con Mos, O Porriño e Redondela, entre Santiago con Teo e Ames e entre Ourense e Barbadás, concentrando estas 10 relacións o 14,5% do total dos desprazamentos que se producen entre municipios galegos nun día medio laborable de inverno. No verán laborable tamén destacan as relacións de Vigo con Cangas, Moaña e Nigrán.

En xeral, o 55% dos desprazamentos totais en Galicia son de distancia inferior a 20 quilómetros, superando os 50 quilómetros de distancia entre municipio orixe e destino tan só un 10% dos desprazamentos totais.

Evidénciase un uso predominante do coche, mesmo para percorridos de distancias inferiores aos 20 quilómetros, que representan máis da metade dos desprazamentos galegos, debido en certa maneira á dificultade para dotar á rede de transporte público da capilaridade necesaria para conectar de maneira eficiente todos os núcleos de poboación.

A distancia media das viaxes entre distintos municipios realizadas en Galicia é de 23,5 km para un día laborable de inverno, aumentando a 24,5 km en día laborable de verán, a 26,3 km en día non laborable de verán e a 27,1 km en día non laborable de inverno.

Con isto ponse de manifesto novamente que os desprazamentos de maior distancia teñen máis relación con motivos non laborais. Son os municipios máis afastados das principais cidades os que presentan as distancias medias máis elevadas, como é o caso dos municipios situados ao leste da Comunidade Autónoma, que coinciden tamén coas zonas de menor densidade de poboación.

Os municipios situados nas coroas metropolitanas das grandes cidades teñen distancias medias de viaxe menores, salvo os de Lugo, debido á maior dispersión das provincias interiores e a que non ten importantes municipios na súa área metropolitana.

O volume das viaxes entre as 7 principais cidades apenas representa un 3% do total das viaxes, existindo máis relación naquelas que se atopan moi próximas.

As relacións máis importantes **das principais cidades son cos municipios da súa área metropolitana,** que practicamente son unha extensión deles mesmos, tanto desde o punto de vista residencial, moita poboación elixe residir nos concellos próximos ás grandes cidades, como desde o punto de vista industrial, xa que é nestes onde se sitúan os principais polígonos industriais de Galicia.

É en Lugo onde menor é a relación cos concellos máis próximos, ao non ter municipios importantes na súa coroa; con todo, en Ferrol o volume de desprazamentos cos 10 concellos cos que presenta máis relación tradúcese en máis do 80% dos desprazamentos externos ao municipio.

No verán prodúcese un aumento dos desprazamentos diarios en Galicia, alcanzando un 30% máis en día laborable e un 38% máis en non laborable. Ademais obsérvase que nas zonas máis turísticas, tanto de costa como de montaña, como poden ser as Rías Baixas, Rías Altas, Ribeira Sacra, zona da Baixa Limia - Serra do Xurés, se chegan a duplicar os desprazamentos.



En xeral obsérvase que no inverno os desprazamentos máis importantes se concentran en determinados municipios, mentres que no verán hai unha maior distribución dos desprazamentos no territorio galego.

En canto á **repartición modal**, hai un predominio claro do coche en todo tipo de relacións, tendo máis participación o tren naquelas relacións de maior distancia e entre as zonas comunicadas polo eixo ferroviario atlántico e o Corredor Ferroviario Norte-Noroeste entre A Coruña e Ourense.

A porcentaxe de vehículos pesados é de aproximadamente un 7,5%, aínda que esta cota aumenta nas relacións co exterior, onde se sitúa por encima do 10%, debido probablemente ao transporte de mercadorías cara ao resto de España.

A participación do autobús é maior en día laborable de inverno, o que pode relacionarse cos desprazamentos por motivo laboral. En xeral a cota deste transporte público é minoritaria, cunha participación de entre o 0,9%-2,4% segundo o día tipo considerado, sendo menor para os días non laborables de verán e maior para os laborables de inverno, sendo a provincia da Coruña onde máis participación ten o autobús.

O avión só presenta participación naquelas relacións co exterior desde as provincias da Coruña e Pontevedra onde se sitúan os aeroportos, utilizándose máis para día laborable de inverno, polo que en certa maneira estará vinculado cos desprazamentos por motivos laborais.

Analizando a repartición modal das relacións entre as 7 principais cidades, é entre todas as relacións de Lugo co resto das cidades principais excepto con Ourense, A Coruña e Santiago onde máis cota modal ten o coche.

Pola contra, nas relacións nas que menos cota ten o coche son Vigo-Ferrol no inverno e entre Ourense-Santiago e A Coruña-Ourense no verán. Nestas relacións hai unha alta participación do tren, estando conectadas todas polo eixo atlántico ferroviario que á súa vez conecta con Ourense, eixo que forma parte do denominado Corredor Ferroviario Norte-Noroeste.

O maior uso do tren dáse nas relacións entre A Coruña - Ourense, entre Ourense -Santiago e entre A Coruña - Pontevedra en laborable e Vigo-A Coruña en non laborable con máis do 20% de cota modal en días laborables e verán, por tanto, teñen unha maior cota de tren as relacións servidas polo eixo ferrovia-



rio Atlántico entre Ferrol e Vigo. Con todo, é Lugo a que menores cotas presenta, tendo practicamente só representación na relación con Ourense coa que conecta directamente.

En relación co uso do autobús en Galicia, as relacións de maior volume de viaxes diarias atópanse entre Vigo - Pontevedra e A Coruña - Santiago, sendo maior en día laborable de inverno, cunha participación para a primeira relación do 11% e para a segunda do 9%. Estas porcentaxes descenden en días non laborables e no verán, polo que o uso do autobús estará máis relacionado coa mobilidade obrigada.


En canto á caracterización dos desprazamentos, é moi similar en toda Galicia, realizando as mulleres un 15% menos de desprazamentos que os homes e sendo as persoas de entre 35-49 anos as que máis viaxes realizan, representando un 40% sobre o total de desprazamentos. En canto ao cociente de viaxes por poboación segundo os rangos de idade conside-

rados, obsérvase que a poboación en idade activa é a que máis se despraza en días laborables.

Destaca que na provincia de Pontevedra en día laborable de inverno este cociente é moi inferior ao resto de provincias, o que pon de manifesto que moitos desprazamentos relacionados coa mobilidade obrigada se realizan en modos non motorizados.

Con relación á distribución horaria, o maior volume de desprazamentos concéntrase entre as 9:00 e as 20:00 horas, existindo en función da época do ano en día laborable unha punta na mañá sobre as 8:00, ao mediodía entre as 13:00 e as 14:00 e pola tarde sobre as 19:00. No verán o volume de viaxes na mañá está máis distribuído, posiblemente polas vacacións dos estudantes e os diferentes horarios laborais de verán. En días non laborables o maior volume de desprazamentos prodúcese entre as 13:00-14:00.

Distribución horaria das viaxes en Galicia segundo día tipo



2.10 O sector transportes en Galicia como actividade económica

Unha vez realizada a análise da mobilidade global en Galicia, analízase e caracterízase o sector do transporte en Galicia como actividade económica.

Segundo datos da Contabilidade Rexional de España serie 2000-2019, Galicia xerou 64.430 millóns de euros en Produto Interior Bruto a prezos de mercado, 27.845 millóns de euros en Remuneración de asalariados e 29.768 millóns de euros en Excedente Bruto de Explotación / Renda mixta, con participación nos totais nacionais (España) do 5,2%, 4,9% e 5,4%, respectivamente, e daba emprego a 1.093,7 miles de persoas, o 5,4% do emprego nacional, coñecendo ademais que Galicia achega un 5,7% da poboación total de España.

A participación do **sector transportes de Galicia** no total da actividade económica galega no ano 2018 oscila entre o 6,8% no Consumo Intermedio e o 4,6% no Valor Engadido bruto, e na Retribución dos asalariados co 5,8% na Produción a prezos básicos e o 4,7% no Excedente bruto de explotación. Na participación no Emprego rexistráronse no ano 2018 cifras en torno ao 4,4% e 4,7%.

Pola súa banda, a participación do sector transportes en España, no total da actividade económica do ano 2018 foi do 5,6% no Valor da produción, o 6,7% no Consumo Intermedio, o 4,7% no Valor Engadido Bruto, o 4,7% na retribución dos asalariados e o 4,5% no excedente bruto de explotación, que amosa unha estrutura moi similar á que se ten en Galicia.

A evolución do emprego no sector transportes de Galicia, sendo positiva, é inferior á rexistrada nas partidas económicas. Existen incrementos no período 2014 – 2018 que oscilan entre o 5,1% en postos de traballo e o 2,1% en horas traballadas, con caída en todos os parámetros no ano 2015, caída que se mantén en horas traballadas no ano 2016. Neste caso, os resultados máis positivos rexistráronse no ano 2018.

